



Facultade de Filoloxía

Traballo de Fin de Grao

**O impacto da inmigración nas
prácticas lingüísticas da infancia e
da mocidade de Ames**

Autora: María Rodríguez Núñez

Titor: Xosé Henrique Monteagudo Romero

Xullo 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



Facultade de Filoloxía

Traballo de Fin de Grao

**O impacto da inmigración nas
prácticas lingüísticas da infancia e
da mocidade de Ames**

Autora: María Rodríguez Núñez

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'M. Rodríguez Núñez', is centered below the author's name.

Titor: Xosé Henrique Monteagudo Romero

Xullo 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE



Formulario de delimitación do título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2020/2021

APELIDOS E NOME:	Rodríguez Núñez, María
GRAO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Monteagudo Romero, Xosé Henrique
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sociolingüística, política lingüística e estandarización

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: O impacto da inmigración nas prácticas lingüísticas da infancia e da mocidade de Ames

Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:




A infancia e mocidade galega teñen un papel de grande relevancia para comprender a situación sociolingüística na que se atopa Galiza. Desta maneira, os estudos con nenos e mozos son fundamentais para elaborar un diagnóstico da saúde do idioma pois neles atópanse unha serie de expectativas futuras.

A zona periurbana de Santiago de Compostela presenta unha elevada porcentaxe demográfica de poboación xuvenil que está experimentando un importante crecemento nos últimos anos. Nesta área localízase o concello de Ames onde o alto grao de inmigración, tanto doutras comunidades autónomas coma do estranxeiro, é unha característica de interese para a sociolingüística porque provoca se introduzan novas falas e se reforce a presenza do castelán. Cómpre sinalar que a inmigración en Galiza é un fenómeno de menor incidencia que noutras Comunidade Autónomas, polo que as implicacións que esta poida xerar nas dinámicas do sistema educativo ou nas prácticas e actitudes lingüísticas están moi pouco estudadas.

Este traballo pretende coñecer o impacto da inmigración mediante a observación das prácticas e actitudes lingüísticas da infancia e da mocidade do concello de Ames. Así, serán analizados os datos recollidos no Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames executado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega no curso académico 2019-2020. Por unha banda, porase o foco nas enquisas realizadas ao alumnado da etapa primaria e secundaria de diversos centros do concello e aos seus profesores e familias sobre a cuestión da inmigración. Por outra, analizaranse diversas entrevistas ao persoal docente e a profesionais da educación non formal co obxectivo de indagar máis no modo no que o fenómeno da inmigración condiciona as prácticas e actitudes lingüísticas no concello amesán.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020.

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) 	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 18 DEC. 2020 Selo da Facultade de Filoloxía 
---	--	---

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

Índice

1. Introducción.....	8
<input type="checkbox"/> O concello de Ames.....	10
<input type="checkbox"/> O fenómeno da inmigración en Ames	13
<input type="checkbox"/> A importancia da lingua no período infantil.....	16
<input type="checkbox"/> Política lingüística e inmigración	21
2. Marco teórico	23
3. Marco metodolóxico	27
<input type="checkbox"/> Mostra.....	27
<input type="checkbox"/> Instrumento	30
<input type="checkbox"/> Variables.....	31
<input type="checkbox"/> Procedementos de análise.....	33
4. Análise dos datos.....	33
<input type="checkbox"/> Prácticas lingüísticas.....	36
<input type="checkbox"/> Competencias lingüísticas	50
<input type="checkbox"/> Autoconfianza.....	55
<input type="checkbox"/> Actitudes.....	57
5. Conclusións.....	61
6. Referencias	64
Anexo	68

Índice de gráficas, táboas e ilustracións

Táboa 1. Número de habitantes do concello de Ames. IGE.....	10
Táboa 2. Número de habitantes dos concellos de Ames e de Santiago de Compostela. IGE	11
Táboa 3. Poboación do concello de Ames de 5 a 14 anos. 2020-2000. IGE.....	12
Táboa 4. Poboación de Galicia de 5 a 14 anos. 2020-2000. IGE	12
Táboa 5. Poboación ocupada en Ames segundo a rama de actividade laboral en marzo de 2021. IGE.....	13
Gráfica 1. Distribución da poboación de Ames segundo o lugar de nacemento en 2020. IGE.....	14
Táboa 6. Poboación de Ames segundo o lugar de nacemento. IGE.....	14
Gráfica 2. Poboación de Ames nacida no estranxeiro segundo o lugar de nacemento. 2020. INE.....	15
Gráfica 3. Lingua inicial dos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.	17
Gráfica 4. Lingua na que lle falan os pais aos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.....	17
Gráfica 5. Lingua habitual dos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.	18
Gráfica 6. Lingua inicial, lingua transmitida polo núcleo familiar e lingua habitual entre os adultos galegos de 30 e 64 anos. 2018. IGE.	19
Gráfica 7. Uso do galego na poboación de 5 a 14 anos de Ames. 2001. IGE.	19
Gráfica 8. Coñecemento do galego na poboación de 5 a 14 anos de Ames. 2001. IGE.	20
Gráfica 9. Uso do galego na poboación de 5 ou máis anos de Ames. 2011. IGE.	20
Gráfica 10. Coñecemento do galego na poboación de 5 ou máis anos. 2011. IGE.....	21
Táboa 7. Lugar de nacemento das nais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.	28
Táboa 8. Lugar de nacemento dos pais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.	28
Táboa 9. Lugar de nacemento dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.	29

Táboa 10. Estrutura das familias dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.	29
Gráfica 11. Estrutura das familias nas que un ou os dous proxenitores naceron fóra de Galicia en relación co lugar de nacemento das nais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020	30
Táboa 11. Estrutura das familias dos centros de Educación Primaria de Ames. 2020...	34
Ilustración 1. Mapa sobre a presenza do galego nos centros de Educación Primaria de Ames. 2020.....	35
Gráfica 12. Lugar de procedencia das nais dos alumnos en relación cos distintos centros de Educación Primaria de Ames. 2020.....	36
Gráfica 13. Lingua inicial dos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.	37
Gráfica 14. Lingua habitual dos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.	38
Gráfica 15. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus pais en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.	40
Gráfica 16. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames coas súas nais en relación co lugar de nacemento destas últimas. 2020	41
Gráfica 17. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus irmáns en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	42
Gráfica 18. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus avós maternos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	43
Gráfica 19. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus avós paternos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	44
Gráfica 20. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus compañeiros en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.	45
Gráfica 21. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos docentes en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	46
Gráfica 22. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames con outros traballadores en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020	47

Gráfica 23. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames no seu municipio en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	48
Gráfica 24. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames con descoñecidos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020	49
Gráfica 25. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames nas redes sociais en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	50
Gráfica 26. Competencia lingüística en galego dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	52
Gráfica 27. Competencia lingüística en castelán dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	54
Gráfica 28. Competencia lingüística en inglés dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	54
Táboa 12. Autoconfianza sobre o galego nos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.....	56
Táboa 13. Táboa das actitudes sobre o galego nos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020..	60

1. Introducción

As mudanzas demográficas experimentadas pola sociedade galega durante os últimos tempos contribuíron á creación dunha situación sociolingüística marcada por dous aspectos desfavorables que asoballan a nosa lingua: unha creba na súa transmisión interxeracional e un proceso de substitución lingüística polo castelán. Trátase, pois, de factores que transformaron a estrutura da nosa sociedade no último terzo do s. XX e no s. XXI: a emigración do rural cara urbano, a industrialización, a terciarización, o crecemento da inmigración e un proceso de avellentamento da poboación (Monteagudo *et al.*, 2018: 4). Uns cambios sociais que corren parellos á caída da lingua galega, resultando visible a relación entre o proceso de modernización e urbanización e a substitución polo castelán (Monteagudo *et al.*, 2018: 6).

Neste senso, resulta fundamental traballar na análise e investigación sociolingüística para deseñar liñas de intervención efectivas que eviten o desprazamento lingüístico do galego (SS, no prelo). Este foi o obxectivo do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega ao elaborar o *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames: Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses*, un estudo levado a cabo nos centros de ensino do municipio durante o curso académico 2019-2020. Este último traballo preséntase como unha continuación ampliada dun primeiro informe, *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (2018), e pretende ofrecer unha visión completa do panorama sociolingüístico dos distintos centros de Educación Primaria e Secundaria do municipio (SS, no prelo).

O eido escolar no que se enmarcan estes proxectos resulta un ámbito de estudo prioritario na investigación sociolingüística, xa que os centros educativos son fundamentais na produción e reprodución dos distintos grupos lingüísticos (Fernández Paz *et al.*, 2007: 9). É este un ámbito que precisa dunha planificación axeitada acompañada de esforzo e de ilusión para poder levar á práctica determinadas accións que lle devolvan ao idioma galego o papel que lle corresponde (Fernández Paz *et al.*, 2007: 9). Con todo, a escola só conforma un dos moitos espazos de socialización destes rapaces, polo que o proxecto do Seminario de Sociolingüística vai máis alá e recolle información non só relativa ao ámbito escolar, senón tamén ao familiar e a outros contextos propios dos cativos como son as redes sociais, o parque, as tendas, etc.

O presente Traballo de Fin de Grao ten como base o proxecto do *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames: Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses*, xa que a partir dos datos conseguidos para a súa elaboración, foron seleccionados aqueles que corresponden ao alumnado inmigrante de Educación Primaria, é dicir, rapaces estranxeiros con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos. Convén precisar que a idea inicial era moi ambiciosa, pois consistía en realizar un estudo sociolingüístico sobre o alumnado inmigrante tamén de Educación Secundaria e analizar algunhas entrevistas semidirixidas ao persoal dos distintos centros docentes. O feito de reducir o obxecto de estudo á etapa de Primaria, non só fai que este sexa un proxecto máis doado de abarcar, senón que tamén permite analizar con maior detalle os datos recadados e afondar máis nos resultados obtidos.

O propio título do traballo xa enuncia a súa temática: *O impacto da inmigración nas prácticas lingüísticas da infancia e da mocidade de Ames*. A inmigración converteuse nun fenómeno que foi cobrando cada vez maior importancia na nosa comunidade, especialmente na fin do século pasado. Un incremento da diversidade cultural que, en ocasións, vén acompañada dunha exclusión social padecida polos inmigrantes (Carbonell, 2000: 100). Aínda que a inmigración en Galicia non é de tanta incidencia como noutros territorios do Estado, a comunidade galega debe afrontar un novo desafío ao xestionar a nova sociedade multicultural e de grande diversidade lingüística, tendo como obxectivo a integración de todos os seus habitantes (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017:19). Por unha banda, cómpre definir cal debe ser a convivencia entre as distintas linguas e determinar o papel do galego entre elas (Silva, 2012:374). Por outra, é preciso traballar máis no coñecemento que os novos galegos procedentes de países estranxeiros teñen sobre a nosa lingua.

O municipio de Ames presenta unhas cifras elevadas de inmigración, o que permite obter unha visión sociolingüística máis completa desta póla da poboación que, neste aspecto, aínda se atopa moi pouco explorada. A hipótese da que se partiu foi que o forte impacto da inmigración contribuíu á desgaleguización da poboación amesá. O obxectivo principal deste traballo é dar conta das prácticas, competencias, autocofianza e actitudes lingüísticas que amosa a infancia e a mocidade residente no concello, en relación co seu país de orixe. Ademais, teranse en conta variables fundamentais como a lingua inicial ou a lingua habitual do alumnado. A análise descritiva dos datos obtidos permitirá

saber cales son as liñas de actuación a concretar nos centros de ensino, coa finalidade de reducir o desprazamento lingüístico do galego.

Con esta intención e baseándonos na estrutura do informe *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (2018), a seguir será exposta a información sociodemográfica máis recente e relevante sobre o concello, sobre a inmigración neste municipio e sobre as políticas lingüísticas levadas a cabo no territorio.

- **O concello de Ames**

O concello de Ames sitúase na área periurbana de Santiago de Compostela. Conta cunha poboación composta por 32.104 habitantes, tal e como rexistran os datos do padrón municipal do Instituto Galego de Estatística (IGE) do 1 de xaneiro de 2020. Once parroquias son as que se integran neste concello: Agrón, A Ameixenda, Ames, Biduído, Bugallido, Covas, Lens, Ortoño, Piñeiro, Tapia e Trasmonte. Cómpre sinalar que o concello conta con dous núcleos urbanos principais que albergan a maior parte da poboación: Bertamiráns, na parroquia de Ortoño, e O Milladoiro, na parroquia de Biduído.

A comunidade galega estivo marcada nos últimos tempos por tres importantes procesos: a desruralización, a terciarización e o avellentamento (Monteagudo *et al.*, 2018: 4). Pola súa banda, Ames está caracterizado por unha elevada porcentaxe de poboación nova. Un municipio que mostra un crecemento poboacional de maneira continuada dende fins do século pasado, especialmente dende a década dos 80:

Ano	1981	1991	2001	2011	2020
Poboación	9.527	10.011	17.737	28.852	32.104

Táboa 1. Número de habitantes do concello de Ames. IGE.

Estas cifras sobre o incremento demográfico traen como consecuencia un aumento considerable da poboación máis nova. Trátase, polo tanto, dun fenómeno a destacar, xa que contrasta co avellentamento da poboación, un proceso compartido por toda a sociedade europea e que ten especial incidencia na nosa comunidade (Monteagudo *et al.*, 2018: 4). Este é un cambio que constitúe mudas

nos comportamentos reprodutivos, o que se traduce nunha maior lonxevidade, mais tamén é responsable do escaso dinamismo económico e do comportamento migratorio (Monteagudo *et al.*, 2018: 4).

Ao mesmo tempo, durante os últimos anos véñense producindo un cambio importante na estrutura da demografía urbana galega: os centros urbanos viven un proceso de estancamento demográfico e de expansión a favor de territorios próximos que son denominados “periurbanos” (Monteagudo *et al.*, 2019: 14). Estes espazos defínense como aqueles que están situados na periferia dunha cidade e que eran eminentemente rurais, mais que nos últimos tempos sufriron grandes transformacións a todos os niveis (económico, demográfico, social, etc.). Son lugares de asentamento que se converten en residenciais, aínda que os seus veciños sigan a traballar nos núcleos urbanos (Monteagudo *et al.*, 2019: 14). Polo tanto, prodúcense novos movementos de poboación que van das cidades cara ás súas periferias, conectadas por fluxos laborais (Monteagudo *et al.*; 2018: 4).

Os motivos do auxe destas áreas periurbanas son diversos, entre eles destacan o desexo de mellora da calidade de vida da clase media e alta á procura dunha maior amplitude de vivenda e dun maior contacto coa natureza (Monteagudo *et al.*, 2019: 14).

Ames é un perfecto exemplo de área periurbana, pois moitos dos seus habitantes, especialmente os que habitan as “cidades dormitorio” de Bertamirás e O Milladoiro, viaxan ata a capital comarcal, Santiago de Compostela, por compromisos laborais. Se comparamos a evolución da poboación de Ames nos últimos 15 anos coa da propia capital, vemos que gañou maior número de habitantes: Santiago de Compostela goza de 5.550 habitantes máis, mentres que en Ames a cifra ascende até os 11.264 habitantes.

Ano	2005	2010	2015	2020
Poboación de Ames	22.228	27.900	30.267	32.104
Poboación de Santiago de Compostela	92.919	94.824	95.612	97.848

Táboa 2. Número de habitantes dos concellos de Ames e de Santiago de Compostela. IGE.

O presente traballo céntrase na poboación inmigrante escolar no período correspondente á Educación Primaria. A poboación infantil de Ames foi medrando de maneira ininterrompida, motivo polo que, ao situarnos nos tramos dos 5 aos 14 anos entre o 2000 e 2020, vemos que o número de rapaces amentou neste concello (1.968), mentres que os datos xerais de toda Galicia amosan unha cifra negativa (-19.915).

Poboación	5 a 9 anos	10 a 14 anos	Total 5 a 14 anos
2020- 2000	978	990	1.968

Táboa 3. Poboación do concello de Ames de 5 a 14 anos. 2020-2000. IGE

Poboación	5 a 9 anos	10 a 14 anos	Total 5 a 14 anos
2020- 2000	-3.026	-16.889	-19.915

Táboa 4. Poboación de Galicia de 5 a 14 anos. 2020-2000. IGE

Galicia durante o século XX caracterizábase por unha ampla porcentaxe de poboación rural dedicada ao sector primario, mais esta situación foi esmorecendo dende a década dos setenta ata a actualidade (Monteagudo *et al.*, 2018: 4). Sendo así que a sociedade galega experimentou durante finais do século XX e principios do XXI unha importante transformación social, pois modernizouse e urbanizouse á vez que a súa poboación presentaba un proceso de avellentamento (Monteagudo *et al.*, 2018: 6). Desta maneira, falamos dunha desagrarización galega tardía pero abrupta, ao concentrarse unha caída do sector primario ao longo de 60 anos, mentres que noutros países máis desenvolvidos se fora producindo ao longo dun século e medio ou dous séculos (Rodríguez Galdo *et al.*, 2017: 236).

O Concello de Ames é mostra destas transformacións na demografía da sociedade galega, pois os seus habitantes dedícanse, principalmente, ao sector servizos, deixando á marxe a economía agraria:

Afiliacións en alta laboral por sectores	
Agricultura e pesca	1,1%
Industria	9,1%
Construción	6,4%
Servizos	83,4%

Táboa 5. Poboación ocupada en Ames segundo a rama de actividade laboral en marzo de 2021. IGE.


Esta breve exposición sobre o concello permite concluír que Ames é un lugar de interese para realizar un estudo sociolingüístico da lingua galega nos cativos debido á súa localización, á súa economía e ás súas altas taxas de poboación infantil.

- **O fenómeno da inmigración en Ames**

Este estudo céntrase na poboación infantil inmigrante de Ames. O concello aglutina unha alta porcentaxe de poboación inmigrante que foi medrando de maneira considerable co paso do tempo. Son varias as causas que dan orixe ás migracións, mais normalmente teñen lugar por razóns económicas. Así pois, a diferenza de salarios e a demanda de man de obra son dous dos motivos que máis peso teñen á hora de tomar a decisión de migrar a un novo destino (Moreno, 2009). Pódese dicir que a inmigración cara a España débese á percepción dunha seguridade básica que permite aos estranxeiros construír expectativas favorables de futuro fronte ás condicións laborais precarias e a inestabilidade política e económica do seu país de orixe (Moreno, 2009).

Nos últimos anos a comunidade galega pasou de ser unha comunidade de emigrantes a recibir unha importante cantidade de poboación inmigrante, aumentando a súa diversidade étnica. En relación con Ames, é un concello que acolleu entre a súa poboación a un gran número de persoas de orixe foránea. Segundo os datos do padrón de poboación do Instituto Galego de Estatística, o seu número de habitantes no ano 2020 é de 32.104, dos cales 7.301 naceron en

Ames, é dicir, só o 23%. O resto da poboación ten o seu lugar de nacemento noutros territorios: o 46% (14.706) é orixinario doutro concello da provincia da Coruña, o 12% (3.704) naceu noutra das tres provincias galegas, o 6% (2.157) procede doutras comunidades autónomas e o 13% (4.236) naceu no estranxeiro.



Gráfica 1. Distribución da poboación de Ames segundo o lugar de nacemento en 2020. IGE.


Arredor dun 20% da poboación de Ames naceu fóra de Galicia, uns números que non deixaron de medrar, tal e como podemos observar se os comparamos cos de anos anteriores:

Ano	Poboación nacida noutra comunidade autónoma	Poboación nacida no estranxeiro
2000	847	1.146
2005	1.568	1.909
2010	2.012	3.145
2015	2.088	3.441
2020	2.157	4.236

Táboa 6. Poboación de Ames segundo o lugar de nacemento. IGE.

A cifra de persoas deste municipio nadas no estranxeiro, o 13%, é unha das máis elevadas de Galicia, sendo porcentaxes menores as de cidades como Santiago de Compostela (10%) ou Vigo (12%). Dese 13% de amesáns nados en países estranxeiros, o 72% é orixinario de países americanos, tendo a Venezuela no primeiro posto (998 persoas). En menor cantidade, tamén destacan outros países latinoamericanos como Arxentina (434 persoas), Brasil (399 persoas) ou

Colombia (268 persoas). Por outra banda, o número correspondente aos estranxeiros nados noutros lugares da propia Unión Europea é inferior, situándose nun 15% e destacando países como Portugal (133 persoas), Francia (129 persoas), Alemaña (107 persoas) e Reino Unido (105 persoas).



Gráfica 2. Poboación de Ames nacida no estranxeiro segundo o lugar de nacemento. 2020. INE.

O feito de que haxa un maior número de estranxeiros procedentes de Latinoamérica non é casual, senón que variables como a lingua e a cultura son factores a ter moi en conta durante a migración a novos territorios. Así pois, a proximidade lingüística e a similitude cultural crean unha maior motivación para que estes consideren Ames un lugar propicio no que instalarse e comezar unha nova vida (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017: 159).

Esta cantidade de persoas inflúe de maneira positiva no crecemento xeral da poboación e, ademais, contribúe ao incremento da taxa de natalidade. Deste

xeito, ao ter en conta a taxa bruta de natalidade correspondente ao ano 2019, podemos ver que a cifra de Ames (8,11%) é maior que a do xeral de Galicia (5,82%) (IGE).

Polo tanto, os datos permítenos afirmar que Ames é un territorio idóneo para emprender un estudo sociolingüístico que teña como principais protagonistas a infancia inmigrante do municipio.


- **A importancia da lingua no período infantil**

A poboación máis nova é a protagonista de diversos estudos, pois nela están postas moitas expectativas de cambio no futuro da lingua. Nestas investigacións sociolingüísticas son de grande relevancia as variables de lingua inicial, lingua habitual e transmisión interxeracional, xa que nos axudan a medir a saúde do galego.

Os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1992* foron os primeiros en amosar números preocupantes e un futuro incerto para o noso idioma (RAG, 2011: 30). Esta obra puxo de manifesto que había unha relación directa entre a lingua e a idade: canto menor era a idade, menor era o emprego do galego (RAG, 2011: 53). Anos máis tarde, a publicación do *Mapa Sociolingüístico de Galicia de 2004* seguía a afirmar esa mesma tendencia desgaleguizadora. Ao comparar os dous mapas podemos ver que as cifras sobre a lingua inicial do MSG-04 presentan un incremento da resposta “máis castelán” conforme descende a idade, mentres que en todos os grupos de idade diminúe a opción “máis galego” (RAG, 2011: 53). A resposta “máis castelán” é a escollida polo 32,5% do grupo das persoas máis novas (dos 15 aos 24 anos), mentres que só é a opción elixida polo 16,9% das persoas de máis idade (dos 45 aos 54 anos) (RAG, 2011: 53). Ao mesmo tempo, a resposta “só galego” pasa do 30,8% no grupo de maior idade ao 16,6% no de menor idade (RAG, 2011: 53).


Os datos máis recentes sobre a lingua inicial na infancia son os do Instituto Galego de Estatística, recollidos durante o ano 2018. A través deles vemos que só o 18,89% dos nenos entre 5 e 14 anos teñen como lingua inicial o galego, fronte ao 49,5% cuxa lingua inicial é o castelán, presentándose unha diferenza de cifras

moi ampla entre ambas linguas. Ao mesmo tempo, os rapaces que aprenderon a falar tanto en castelán coma en galego conforman o 29,21%.



Gráfica 3. Lingua inicial dos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.


Respecto á transmisión interxeracional da lingua, convén salientar que se trata dunha variable que está en estreita relación coa lingua inicial, pois son dúas realidades complementarias. A gráfica 4 permite observar a lingua transmitida polos proxenitores aos seus fillos de 5 a 14 anos, segundo os datos do IGE de 2018. No conxunto de Galicia, o castelán é a lingua elixida pola maioría dos pais á hora de transmitirllela aos seus fillos, case un 40%, mentres que a porcentaxe dos pais que escollen o galego descende ata o 23%, aproximadamente.



Gráfica 4. Lingua na que lle falan os pais aos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.

En relación coa lingua habitual dos rapaces, os datos tampouco mostran cifras altas para o galego: só o 14,27% falan sempre en galego mentres que o


44,13% fano sempre en castelán. Ademais, ante as respostas “máis galego ca castelán” ou “máis castelán ca galego” a variante “máis castelán” ocupa máis do dobre que a opción de “máis galego”.



Gráfica 5. Lingua habitual dos nenos galegos de entre 5 e 14 anos. 2018. IGE.


O MSG-04 apuntaba que a idade introducía modificacións na distribución da adquisición familiar do castelán: a menor idade, maior era a cantidade de individuos que sinalaban o eido familiar como único ou principal na adquisición do castelán (RAG, 2011: 132). Deste modo, foron recollidas cifras con alta variación correspondentes ao castelán como lingua adquirida no ámbito familiar, oscilando entre o 52,8% no tramo das persoas de máis idade (45-54 anos) e o 81,9% nos máis novos (15-24 anos) (RAG, 2011: 132). Polo tanto, os resultados do MSG-04 poñen de manifesto unha escasa retención do galego no eido familiar (RAG, 2011: 132).

Se temos en conta os datos máis recentes que o propio Instituto Galego de Estatística achega sobre a lingua inicial, sobre a transmitida polo seu núcleo familiar e sobre a habitual, obsérvase que se mantén a mesma tendencia desfavorable para o galego. A seguinte gráfica amosa que os adultos, de 30 a 64 anos, tiveron proxenitores que lles transmitiron de forma maioritaria o galego, mais os rapaces de entre 5 e 14 anos parten dunha situación sociolingüística moi distinta, pois a maior parte aprenderon a falar castelán e emprégano como idioma preferente e de xeito habitual nas súas vidas.




Gráfica 6. Lingua inicial, lingua transmitida polo núcleo familiar e lingua habitual entre os adultos galegos de 30 e 64 anos. 2018. IGE.

Asemade, o IGE rexistra información relativa ao concello de Ames sobre o uso e o coñecemento do galego nos cativos do municipio. As cifras máis recentes sobre o idioma na infancia, 5-14 anos, son as obtidas a través do censo de 2001. Canto ao uso do galego realizado polos rapaces amesáns, a resposta máis repetida é “ás veces”, sendo elixida polo 50,7%. O galego é a lingua utilizada en todos os contextos polo 39,8% dos rapaces do municipio. Por último, a resposta máis desfavorable cara ao uso do noso idioma, “nunca”, tan só é presentada no 9,5% dos nenos e nenas. Polo tanto, obsérvanse cifras máis favorables que as rexistradas na poboación xeral de Galicia no 2018, presentadas na gráfica 5.




Gráfica 7. Uso do galego na poboación de 5 a 14 anos de Ames. 2001. IGE.

Ao mesmo tempo, os datos relacionados coas competencias lingüísticas dos mesmos rapaces amosan que case a totalidade comprenden o idioma galego. Á hora de falar e ler, os números redúcense, rexistrando unha menor destreza nestas habilidades. As peores cifras son as correspondentes á expresión escrita, 72,7%.




Gráfica 8. Coñecemento do galego na poboación de 5 a 14 anos de Ames. 2001. IGE.

Cómpre indicar que o IGE ofrece datos máis recentes, 2011, sobre a lingua galega da poboación de Ames de idade correspondente aos 5 ou máis anos. As seguintes gráficas, rexistran unhas cifras similares ás mostradas arriba sobre a poboación de 5 a 14 anos no 2001. Con respecto ao uso do galego, a opción “ás veces” segue a ser a máis sinalada, mentres que os amesáns que nunca empregan o galego son moi poucos (9,4%).



Gráfica 9. Uso do galego na poboación de 5 ou máis anos de Ames. 2011. IGE.

Tamén as porcentaxes sobre a comprensión e expresión oral volven ser elevadas, con porcentaxes superiores ao 90%. Convén precisar que o IGE só contén datos do 2011 sobre dúas destrezas *entender* e *falar* mentres que, ao contrario que en 2001, non hai cifras sobre a expresión escrita nin a comprensión lectora.



Gráfica 10. Coñecemento do galego na poboación de 5 ou máis anos. 2011. IGE.

As cifras recollidas a través dos censos de 2001 e 2011 amosan unha situación moi positiva para o idioma galego, porén os procedementos de obtención de datos lingüísticos a través dos censos adoitan ser diversos e erróneos. É por iso polo que as cifras obtidas no municipio amesán en relación coa lingua, malia a ser moi favorables, están moi lonxe da realidade.

- **Política lingüística e inmigración**

A política lingüística defínese como calquera decisión sobre a lingua segundo necesidades persoais, familiares, grupais, locais, empresariais, estatais ou nacionais (Spolsky 2012, en Nandi, 2019: 78). Son tres os elementos que a conforman: as ideoloxías, as xestións e as prácticas lingüísticas (Spolsky 2004, en Nandi, 2019: 78). Por un lado, a política lingüística pódese abordar dende un punto de vista macro, relacionándose co ámbito institucional e governamental que tenta controlar as competencias e prácticas lingüísticas da poboación, utilizando ferramentas como leis, normas, a xestión da lingua na educación, propaganda, etc. (Nandi 2019: 78). Por outro, os encargados do enfoque micro son os propios individuos da comunidade, os cales levan a cabo micropolíticas que poden resistir,

mesmo, ao control hexemónico do goberno (Nandi e Devasundaram 2017, en Nandi 2019: 78).

Desta maneira, resulta fundamental unha correlación entre o macrosocial e microsocioal para acadar o éxito da política lingüística, pois de nada serve establecer un marco normativo que inclúa regras sobre o uso e desenvolvemento das linguas se non van acompañadas de actividades de sensibilización, de información e de dinamización que afecten ao ámbito microsocioal (Fernández Paz *et al.*, 2007: 21). Así, á hora da avaliación da planificación lingüística executada por diversas institucións estatais, autonómicas ou municipais deben de terse en conta os dous planos (Fernández Paz *et al.*, 2007: 20).

No caso de Galicia, ao falar de política lingüística, debemos retroceder ata a aprobación do Estatuto de Autonomía, o 6 de abril de 1981. A partir desta data arrancou unha nova etapa a prol do idioma galego, grazas ao seu recoñecemento como lingua cooficial, gozando de maior presenza en distintos ámbitos públicos nos que anteriormente non se contemplaba. Posteriormente, o 15 de xuño de 1983, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Normalización Lingüística. Con ela o galego introduciuse no sistema educativo, na administración e nos medios de comunicación autonómicos (Nandi, 2016: 123). Consecuencia da institucionalización da lingua, foron o aumento considerable na competencias lingüística en galego e a importante diminución de prexuízos e actitudes negativas nos cidadáns (Fernández Paz *et al.*, 2007: 84).

Na actualidade esta Lei de Normalización Lingüística segue vixente e no artigo nº 2 recolle “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán como linguas oficiais da Comunidade Autónoma” e no artigo nº 3 “Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua” (Lei 3/1983 do DOG nº 84 do 14/07/1983). As políticas lingüísticas da Xunta deben rexerse por esta lei, porén moitas veces a súa actuación só se amosa no papel e non se corresponde coa realidade práctica (Nandi, 2016: 123). A mesma situación atopámola no ignorado Plan Xeral de Normalización da Lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 (Xunta de Galicia, 2006).

Canto á área de inmigración presente no Plan Xeral convén lembrar que os seus obxectivos principais recollen: concienciar os axentes sociais da conveniencia de incorporar a poboación inmigrante á lingua e cultura galegas e introducir o galego nos programas de formación e inserción dos traballadores inmigrantes (Xunta de Galicia, 2006: 230). Ademais, a mesma área de inmigración establece outras metas máis específicas como: orientar os inmigrantes sobre as características do noso territorio e facilitarlle coñecementos técnicos necesarios; conseguir que estes perciban o galego como lingua propia de Galicia; ampliar e mellorar a súa formación en lingua galega e identificar afectivamente a loita normalizadora do galego (Xunta de Galicia, 2006: 231-238).

No que atinxe a Ames, dentro da Concellería de Mocidade e Normalización Lingüística, atópase o Departamento de Normalización Lingüística, encargado de impulsar e xestionar o uso do galego no concello. A Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames, aprobada por unanimidade no pleno municipal do día 1 de xullo de 2006, é a ocupada de regular e estruturar o emprego do galego na administración local. Ademais, convén apuntar que este concello forma parte da Rede de Dinamización Lingüística, unha asociación que vela pola promoción da lingua galega no ámbito local.

2. Marco teórico

A situación sociolingüística de Galicia nos últimos tempos estivo marcada por dous aspectos preocupantes: a creba da transmisión interxeracional e a diminución do uso da lingua galega nas xeracións máis novas, malia ser estas últimas as que amosan as maiores competencias lingüísticas (Fernández Paz *et al.*, 2007: 9). Como consecuencia destes factores, foi medrando o interese sobre os estudos relacionados coa vertente social da lingua, sendo especialmente significativas as achegas elaboradas a partir dos 90.

Durante a década de 1970, tivo lugar a introdución da lingua galega no currículo universitario e foi de especial relevancia para a investigación lingüística a creación do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela, no ano

1971 (Rei Doval, 2018: 243). Con todo, o ILG centrou os seus primeiros estudos noutras áreas (dialectoloxía, historia da lingua...), sen un departamento específico de sociolingüística. Foi, posteriormente, na década de 1980, cando se estableceron as bases para a institucionalización da sociolingüística galega na universidade e, a raíz diso, xorde o primeiro equipo especializado: a División de Estudos do Bilingüismo no Instituto de Ciencias de Educación da Universidade de Santiago de Compostela, fundada en 1987 por Xosé Rubal e desaparecida en 1992 (Rei Doval, 2018: 257).

No 1990 tivo lugar a creación do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, encargado de realizar o primeiro Mapa Sociolingüístico de Galicia: un estudo completo de coñecementos, usos e actitudes que se elaborou entre 1992 e 1996 e foi publicado en tres volumes distintos (Rei Doval, 2018: 258). Trátase dunha obra que marcou un fíto para sociolingüística da nosa comunidade, pois o galego pasou de ser unha lingua cunha situación social moi pouco estudada a ser un dos idiomas minorizados mellor coñecidos (Rei Doval, 2018: 259). Hoxe en día, o Seminario de Sociolingüística continúa a ser a entidade fundamental para o estudo da dimensión social do galego. Con todo, cómpre mencionar outras contribucións importantes nos últimos tempos como as realizadas polas tres universidades galegas de Santiago, Vigo e A Coruña, e polo Instituto Galego de Estatística (IGE), coa introdución de preguntas sobre os usos lingüísticos nos censos de poboación e vivendas (Rei Doval, 2018: 261-262).

As investigacións realizadas por estas institucións resultan fundamentais, tendo en conta que nos atopamos nunha sociedade caracterizada polo contacto de linguas como é o caso do galego e do castelán. Trátase, pois, dunha situación sociolingüística complexa cuxas principais consecuencias son: a xeneralización do bilingüismo social e individual; un proceso de substitución do galego polo castelán e a creación dun discurso baseado na reivindicación da recuperación da lingua galega (Fernández Paz *et al.*, 2007: 17). A aprobación da xa mencionada Lei de Normalización Lingüística no 1983 e do sinalado Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega no 2004 trouxeron un incremento nas esperanzas dun futuro favorable para o galego.

En relación co ámbito escolar no que se integra este traballo, é preciso destacar que se trata dun eido considerado obxecto de estudo prioritario e crucial para o mantemento e recuperación das linguas minorizadas (Fernández Paz *et al.*, 2007: 17). Un

dos erros máis frecuentes é a observación da lingua como unha cuestión escolar, deixando á marxe o seu enfoque social: a escola é un instrumento de suma importancia para a difusión e revitalización dunha lingua, mais non deixa de ser unha das moitas ferramentas (Silva, 2012: 374).

Canto á planificación lingüística escolar, debe ser concibida como unha actividade desenvolvida dende o ensino para resolver problemas que poidan afectar ás linguas, aos falantes, ao status da lingua, á ideoloxía, aos grupos sociais, etc. (Fernández Paz *et al.*, 2007: 19). No que se refire á planificación en Galicia, o galego como lingua histórica do territorio debe ser o primeiro e principal idioma do currículo escolar (Silva 2012: 374). É preciso que os cidadáns da nosa comunidade con dúas linguas oficiais presenten dominio en ambas, mais o desequilibrio no status esixe unha discriminación positiva a favor do galego (Silva, 2012: 375).

As mudanzas orixinadas na estrutura demográfica e o aumento de persoas estranxeiras constitúen novos factores a ter en conta no deseño da planificación escolar. Tal e como sinalan os datos sobre o concello de Ames, a cifra de estudantes estranxeiros medrou de maneira significativa nos últimos tempos. A escolarización deste alumando supón todo un desafío, pois moitos presentan identidades lingüísticas e étnicas diversas que hai que integrar no sistema educativo (Fernández Paz *et al.*, 2007: 67). Desta maneira, hai que facer fronte a unha nova situación multicultural, deixando atrás a perspectiva monocultural e abordando unha comunidade plural. O obxectivo principal é a conformación dun espazo integrado por cidadáns que amosen actitudes respectuosas e solidarias coas persoas estranxeiras, cos seus valores e coas súas culturas (Fernández Paz *et al.*, 2007: 66). Alén diso, cómpre facilitar o diálogo no que teña cabida a comprensión e entendemento mutuo para unha convivencia favorable na que se estimule a diversidade (Rodríguez Izquierdo, 2004: 4).

Esta nova situación non debe ser observada dende unha ollada negativa, senón como unha oportunidade para educar dende unha perspectiva a prol do enriquecemento cultural, empregando un modelo de educación que non avogue pola discriminación (Rodríguez Izquierdo, 2004: 10). Porén, seguen a ser frecuentes as opinións intolerantes cara á diversidade e inmigración, sendo consideradas como problemas que necesitan solucións (Carbonell, 2000:107). Desta maneira, o sistema educativo deberá contribuír á

desactivación dos prexuízos sobre os grupos minorizados e educar as actitudes dos alumnos para evitar a exclusión social (Carbonell, 2000:109). Coa finalidade de rematar con estes estereotipos, convén diferenciar os conceptos de diversidade e desigualdade, pois moitas veces a o significado de diversidade cultural parece carrexar consigo o sentido de desigualdade social (Carbonell, 2000: 109). Ademais, á hora de realizar actividades de carácter intercultural, cómpre non caer no erro, moitas veces involuntario, de resaltar os aspectos máis folclóricos dos distintos países, xa que non se poría fin aos distintos prexuízos e mecanismos de exclusión (Carbonell, 2000: 112).

A educación intercultural pretende axudar á construción dunha sociedade na que non haxa conflitos de convivencia e na que se respecte cada un dos cidadáns que a conforman (Carbonell 2000: 115-116). É dicir, un novo escenario baseado en principios de integración no que se valore a heteroxeneidade cultural e lingüística (Fernández Paz *et al.*, 2007: 68).

Neste modelo de educación, as linguas do alumnado inmigrante deben ter algún tipo de recoñecemento e visibilidade no escenario escolar: unha incorporación relativa na práctica educativa, sesións específicas para o mantemento das linguas do seu país de orixe ou a existencia dun mediador lingüístico (Fernández Paz *et al.*, 2007: 68). Tal e como indica Fernández Paz en *A planificación lingüística nos centros educativos*, a incorporación masiva das linguas dos inmigrantes no sistema escolar non é unha opción realista, mais tampouco o é considerar que estas linguas deben de quedar reducidas á familia, sen apoio dende o eido educativo (Fernández Paz *et al.*, 2007: 68). Ademais, a incorporación das distintas linguas estranxeiras no ensino debe facerse con intensidade e tempo axeitados, tendo sempre en conta a idade do alumnado.

A integración lograrase paseniñamente, coa axuda e participación de todos os membros da comunidade para conseguir unha sociedade rexida por normas nadas en base á negociación e á creatividade conxunta co fin de acadar unha igualdade de oportunidades e de dereitos (Carbonell, 2000: 117). A meta é lograr que todos os cidadáns valoren a diversidade lingüística, se sintan identificados co galego, amosen un dominio lingüístico nos dous idiomas oficiais e presenten un coñecemento en linguas estranxeiras (Silva, 2012: 372). Deste modo, é preciso evitar o modelo asimilador, baseado na submersión lingüística e cultural para asegurar, de maneira errónea, a acollida e progreso dos

estranxeiros no novo país de destino, deixando fóra do sistema educativo as culturas e linguas dos seus países de orixe (Martín Rojo, 2003: 49).

O verdadeiro desafío está na creación dun novo discurso de reivindicación e defensa do galego nunha sociedade multicultural na que cómpre potenciar o seu espazo primario na convivencia co resto de linguas (Silva, 2012: 368). O compromiso colectivo resulta fundamental no establecemento do novo modelo escolar. Por un lado, convén reorganizar os centros de ensino para incorporar aprendizaxes relativas ás linguas, culturas, valores e percepcións do conxunto do alumnado, quedando á marxe o etnocentrismo e a segregación (Martín Rojo, 2003: 54). Por outro, é importante mellorar o coñecemento que os inmigrantes teñen sobre a lingua galega e traballar en cuestións específicas como as actitudes ou a autoconfianza destes novos galegos e galegas (Fernández Paz *et al.*, 2007: 68).

3. Marco metodolóxico

O presente Traballo de Fin de Grao realizouse tendo en conta a información proporcionada polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, recollida para a elaboración do *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames. Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses*. Os datos foron recompilados polo Seminario a través de cuestionarios ao propio alumnado dos distintos centros de Educación Primaria de Ames dos que, posteriormente, se extraeron os relativos aos estudantes inmigrantes. É dicir, trátase dun estudo realizado sobre os rapaces inmigrantes de 6 a 12 anos que están matriculados nos distintos centros do municipio.

Á hora de realizar un estudo a través dun método cuantitativo é necesario ter en conta a mostra, o instrumento, as variables e os procedementos de análise que van ser empregados no traballo.

- **Mostra**

É importante precisar que neste traballo destinado á investigación sociolingüística os rapaces inmigrantes serán definidos como aqueles cuxos proxenitores naceran nun

territorio distinto ao da comunidade galega. Polo tanto, deixouse á marxe do termo aos alumnos residentes en Ames que naceron fóra de Galicia, mais cuxos pais teñen orixe galega. É dicir, non se contou como inmigrantes aos fillos de emigrantes retornados. Por outro lado, para precisar o lugar de orixe decidiuse ter en conta o lugar de nacemento da nai xa que é a figura do núcleo familiar coa que os nenos establecen un maior vínculo dende idades temperás.

A continuación, na táboa 7, detállase a mostra empregada para a análise do alumnado de Educación Primaria, correspondente ao lugar de nacemento das nais:

Lugar de nacemento da nai	Número
Galicia	399
Outros países de Europa	26
Latinoamérica	65
Outras comunidades autónomas	21
Outros	5

Táboa 7. Lugar de nacemento das nais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.

As cifras do lugar de nacemento dos proxenitores amosan resultados que se corresponden cos proporcionados polo IGE sobre a poboación inmigrantes de Ames recollidos na gráfica 2. Así, vemos que a maior parte dos pais e nais inmigrantes dos alumnos naceron en países de Latinoamérica.

Lugar de nacemento do pai	Número
Galicia	370
Outros países de Europa	27
Latinoamérica	63
Outras comunidades autónomas	39
Outros	5

Táboa 8. Lugar de nacemento dos pais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.

Se comparamos o lugar de nacemento dos propios alumnos fronte ao dos seus proxenitores, observamos que moitos dos rapaces que teñen pais estranxeiros naceron unha vez que estes se asentaron no concello amesán. Deste xeito, a cifra

dos alumnos de Ames nados en Galicia ascende a 467, mentres que o número de nais de orixe galega redúcese a 399 e o de pais a 370.

Lugar de nacemento dos alumnos	Número
Galicia	467
Outros países de Europa	6
Latinoamérica	24
Outras comunidades autónomas	14
Outros	1


Táboa 9. Lugar de nacemento dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.

En relación coa estrutura das familias, atopamos diversos tipos en función do lugar de orixe dos proxenitores: hainas nas que os dous proxenitores son galegos; outras, nas que só un dos proxenitores naceu fóra de Galicia e un terceiro tipo, no que son os dous proxenitores os que teñen unha orixe distinta da galega.

Estrutura das familias	Número
2 proxenitores galegos	317
1 proxenitor nado fóra de Galicia	135
2 proxenitores nados fóra de Galicia	64

Táboa 10. Estrutura das familias dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.

A estrutura daquelas familias nas que algún dos pais é estranxeiro, obsérvase na gráfica 11. A maior parte das familias formadas por un proxenitor estranxeiro está composta por unha persoa de orixe galega e unha latinoamericana, mentres que naquelas nas que os dous son orixinarios doutro país, destaca a composta por latinoamericanos.



Gráfica 11. Estrutura das familias nas que un ou os dous proxenitores naceron fóra de Galicia en relación co lugar de nacemento das nais dos alumnos de Educación Primaria de Ames. 2020.

- **Instrumento**

Os datos proporcionados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega obtivéronse a través de tres cuestionarios distintos con grupos de preguntas entre os que estaban: datos de identificación, datos lingüísticos, usos das linguas e opinións sobre as linguas (SS, no prelo).

O modo de realizar as distintas preguntas foi variado: nalgúñas das cuestións permitiuse que o enquisado escribise as súas respostas, noutras debíase riscar a resposta correcta e, por último, foron integrados enunciados para que se valorasen en función dunha escala (SS, no prelo).

Estes cuestionarios foron proporcionados polo Seminario aos distintos centros de ensino de Ames antes da declaración da pandemia da COVID-19, causante de que o presente TFG se realice con datos que xa se atopaban recollidos. Ademais, convén sinalar que o modelo de enquisa proporcionado a este alumnado atópase recollido no Anexo.

- **Variables**

A principal variable a ser analizada neste estudo é, como o seu título anuncia, as prácticas lingüísticas do alumnado inmigrante de Ames. Con todo, tamén serán analizadas outras variables como as súas competencias, a autoconfianza e as actitudes cara á lingua. Ademais, serán expostas variables con efectos transversais como a lingua habitual, a lingua inicial e o lugar de nacemento da nai.

En relación coas prácticas lingüísticas, a filóloga Ana Iglesias (2002) afirma que os usos lingüísticos son hábitos que mostran unha tendencia de comportamento automático propia do individuo, quedando fóra do control da intención. As prácticas lingüísticas adoitan ter unha orixe reflexiva que asocia unha lingua determinada cun perfil social concreto. Na maior parte das ocasións, estes comportamentos acábanse interiorizando en termos de fronteira lingüísticas e convértense en hábitos realizados de maneira automatizada (Iglesias, 2002: 38). Porén, non podemos considerar que a elección de código sexa un comportamento totalmente automático aínda que, en certa medida, si que o é, como demostra o feito de que utilizemos linguas de xeito case inconsciente ante distintos interlocutores (Iglesias, 2002: 39). O que ocorre é que as condutas habituais non supoñen ningún esforzo, pero si que o supón o feito de romper ou substituír un determinado hábito (Iglesias, 2002: 38- 39).

Respecto á competencia, a analizada neste traballo é a lingüística, é dicir, o dominio sobre o código lingüístico (a súas regras morfolóxicas, sintácticas, fonéticas, etc.). Así, a competencia lingüística, enténdese como a destreza dun individuo sobre a gramática e o vocabulario dunha lingua en relación coas catro capacidades básicas: comprender, falar, escribir e ler (Fernández Paz *et al.*, 2007: 25).

Convén recordar que existen outro tipo de competencias que non serán obxecto de estudo neste traballo, como a sociolingüística, correspondente ao uso adecuado da lingua nos distintos contextos; a discursiva, baseada no emprego efectivo dos elementos de cohesión no discurso para a súa comprensión e a estratéxica, que integra as estratexias verbais e non verbais para compensar os

erros na comunicación (Iglesias, 2002: 35). Polo tanto, na determinación da competencia dos individuos non só se inclúe o dominio gramatical, senón tamén o coñecemento práctico das regras psicolóxicas, culturais e sociais que rexen na utilización dunha lingua no contexto social (Fernández Paz *et al.*, 2007: 25).

Por outra banda, a terceira variable tratada é a autoconfianza, é dicir, o sentimento de seguridade dunha persoa á hora de falar unha lingua determinada. A autoconfianza influirá na conduta por medio das actitudes (Iglesias, 2002: 37). No caso das persoas estranxeiras que comezan a falar galego, a autoconfianza xoga un papel moi relevante, pois cando o falante observa que a súa fluidez non é a esperada ou detecta problemas de vocabulario, pode decidir regresar á súa lingua habitual (Iglesias, 2002: 37). Con todo, o mellor xeito de aumentar a competencia lingüística nun determinado idioma é mediante a súa utilización xa que, pouco a pouco, a incapacidade inicial vaise substituíndo pola destreza (Iglesias, 2002: 37).

Finalmente, a última variable estudada está constituída polas actitudes cara á lingua galega. O concepto de actitude ten un papel fundamental á hora de comprender o pensamento e as condutas humanas. A escola mentalista define as actitudes como construtos mentais, internos, do individuo que conducen a responder favorable ou desfavorablemente ante un obxecto dado (Iglesias, 2002: 26). O estudo das actitudes foi de grande interese durante todo o século XX, xa que se consideraba que eran un factor explicativo e predictivo da condutas (SS, 2003: 12). Porén, a mediados do século pasado apareceron voces que cuestionaban esta relación directa entre actitude e comportamento e que prestaban atención a outro tipo de variables como a percepción do que cada suxeito considera oportuno en cada circunstancia, os hábitos operativos e a valoración das posibles consecuencias da súa conduta (SS, 2003: 12-13). Cando as actitudes teñen como referente unha lingua asumen dúas funcións principais: a explicación social, que permite manter unha normas convencionais para a interacción cos grupos que difiren lingüisticamente, e a creación e preservación das características diferenciadoras dun grupo e outro (SS, 2003: 14).

No que se refire ás actitudes en relación co ámbito educativo no que se enmarca esta investigación, debemos ter presente que boa parte do proceso da

educación dun individuo consiste na aprendizaxe das actitudes por medio de instrución (Iglesias, 2002: 26). As actitudes non son innatas, senón aprendidas a través de principios de adquisición (Iglesias, 2002: 26). Polo tanto, á hora de estudar o modo no que se forman, resulta fundamental ter en conta o proceso de socialización do individuo, no que tanto durante a infancia como a adolescencia se denomina “períodos críticos” (Rodríguez González en Iglesias, 2002:27).

- **Procedementos de análise**

A análise dos datos neste traballo é de carácter descritivo e nela están dispostas distintas gráficas e táboas que recollen porcentaxes e medias dos resultados. A investigación sociolingüística por medio de cuestionarios ten como trazo principal o feito de se realizar sobre unha mostra suficientemente ampla como para que os resultados obtidos se poidan considerar representativos, é dicir, expoñer as características xerais das persoas ás que se lles formula o cuestionario.

Polo tanto, o emprego de diversas ilustracións, gráficas e táboas con cifras constitúen unha forma doada e ordenada de facer visible os resultados das variables sociolingüísticas estudadas sobre o alumnado inmigrante do municipio de Ames.

4. Análise dos datos

Os centros nos que se permite cursar a Educación Primaria no Concello de Ames son o CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, CEIP A Maía, o CEP Ventín e o Colexio ALCA. Os tres CEIP agrupan alumnado de Educación Infantil e tamén de Educación Primaria, o CEP Ventín só oferta a Educación Primaria, mentres que o Colexio ALCA, de titularidade privada, ofrece todas as etapas educativas obrigatorias e mais o Bacharelato (SS, no prelo).

En relación coa localización destas escolas, o Colexio ALCA (Biduído de Arriba) e o CEIP de Barouta están situados en núcleos rurais, o que non implica necesariamente que o alumnado resida nesta área pois, por exemplo, o CEIP de Barouta acolle ao alumnado propio do medio urbano que non poden acoller os centros

de ensino situadas en Bertamiráns (CEIP A Maía e CEIP Agro do Muíño) ou no Milladoiro (CEP de Ventín) (SS, no prelo).

A presenza de poboación inmigrante na etapa de Educación Primaria ten unha especial importancia debido ás grandes porcentaxes que mostran os resultados¹, un 23% da mostra total. A maior parte dos alumnado con pais galegos sitúase no CEIP Barouta e no Colexio ALCA. Porén, os centros situados nos núcleos urbanos do municipio, o CEIP A Maía e o CEP Ventín, acollen un número maior de estudantes con pais de orixe estranxeira.

	CEIP A Maía	CEIP Barouta	CEP Ventín	Colexio ALCA
2 proxenitores nados fóra de Galicia	10,9%	3,6%	21,3%	6,3%
1 proxenitor nado fóra de Galicia	31,4%	24,1%	24,4%	25%
2 proxenitores de orixe galega	57,7%	72,3%	54,3%	68,8%

Táboa 11. Estrutura das familias dos centros de Educación Primaria de Ames. 2020.

A situación xeográfica dos distintos centros é moi importante á hora de realizar un estudo sociolingüístico, pois os mellores índices de reprodución do galego están asociados a contextos rurais, mentres que os contextos urbanos e periurbanos se sitúan no polo oposto (Monteagudo *et al.*, 2019: 23). Esta afirmación verifícase ao ter en conta a seguinte imaxe recollida no *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames. Estudo das prácticas, competencias e actitudes*

¹ No caso do CEIP Agro de Muíño non se dispón de datos sobre a inmigración xa que o cuestionario empregado neste centro non incluía a pregunta sobre a orixe do alumnado nin dos proxenitores (SS, no prelo).

lingüísticas dos escolares amienses sobre a presenza do galego nos distintos centros de Educación Primaria do concello. Na ilustración é visible como a presenza do galego é maior no CEIP de Barouta, situado na parroquia rural de Ames, mentres que a presenza do idioma diminúe nos centros próximos aos núcleos urbanos de O Milladorio e Bertamiráns.





Ilustración 1. Mapa sobre a presenza do galego nos centros de Educación Primaria de Ames. 2020. SS, no prelo.

Ao ter en conta o lugar de orixe da nai no conxunto dos centros, observamos que a porcentaxe de inmigrantes latinoamericanos é moito maior que a relativa aos procedentes doutros territorios. A maior porcentaxe de alumnos con nais de orixe latinoamericana sitúase no CEP Ventín e no CEIP A Maía, dous centros situados nas áreas urbanas do municipio.


Asemade, chama a atención que o único centro docente de titularidade privada, o Colexio ALCA, é o que menos alumnado inmigrante alberga, sen ningún alumnado latinoamericano. Deste modo, os únicos lugares de nacemento das proxenitoras estranxeiras localízanse noutras comunidades autónomas (12,5%) ou, en menor medida, noutros países europeos (6,3%).



Gráfica 12. Lugar de procedencia das nais dos alumnos en relación cos distintos centros de Educación Primaria de Ames. 2020.

- **Prácticas lingüísticas**

Como xa foi sinalado, as variables de lingua inicial e lingua habitual resultan moi relevantes á hora de realizar unha análise sociolingüística porque funcionan como indicadores da vitalidade dos idiomas, especialmente en comunidades bilingües como a galega (SS, 2011:29). A lingua inicial é aquela na que se aprende a falar e, polo tanto, aquela que se transmitiu no seo familiar dende un primeiro momento, un proceso que forma parte da socialización primaria das persoas (Fernández Paz *et al.*, 2007:28). Na seguinte gráfica observamos os datos da lingua inicial:



Gráfica 13. Lingua inicial dos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Na gráfica vemos que a porcentaxe correspondente ao galego como único idioma inicial é maior nos estudantes de orixe galega (31%), seguida pola doutras comunidades autónomas (18,6%). Porén, son porcentaxes moito maiores as correspondentes ao alumnado que aprendeu a falar en castelán, destacando o 67,4% dos estudantes latinoamericanos. Ademais, o castelán é a lingua inicial do 40% daqueles procedentes doutros países europeos, do 33,3% doutros territorios e do 30,3% dos galegos.

En canto á cantidade de estudantes que aprenderon a falar nas dúas linguas, podemos denominalos “bilingües iniciais” e as cifras máis elevadas rexístranse naqueles alumnos cuxas nais naceron noutros países europeos: o 50%. Seguramente, isto débese a que Galicia foi un país de emigrados que se trasladaban a outros países europeos durante o pasado século, un tipo de éxodo marcado polo retorno (Rodríguez Galdo *et al.*, 2017:144). Os galegos emigraban coa intención de voltar ao territorio de orixe, motivo polo que moitas destas nais nadas noutros países europeos coñecían a lingua galega e, así, os seus fillos téñena como lingua inicial xunto co castelán.


En relación coa lingua habitual do alumnado inmigrante na nosa sociedade bilingüe, é preciso ter en conta que a preferencia por unha lingua ou outra estará

moi determinada por factores como: o reparto dos dominios públicos e privados das linguas; o coñecemento previo dalgún dos idiomas; a proximidade lingüística entre a lingua de orixe e a lingua de destino; as actitudes dos estranxeiros cara ás linguas de destino e as actitudes presentadas polas persoas do país de destino cara ás súas propias linguas e cara ás linguas dos inmigrantes (Moreno, 2009).

A gráfica 14 sobre a lingua habitual do alumnado amesán, amosa que os maiores números sitúanse na opción de “castelán” ou na de “maioritariamente castelán”, sendo as únicas escollidas polos alumnos de Educación Primaria procedentes doutras comunidades autónomas ou doutros países que non sexan europeos nin latinoamericanos.

A opción bilingüe, na que os alumnos afirman que teñen como lingua de uso habitual tanto o galego como o castelán por igual, ten maior incidencia nos alumnos de orixe galega (19,7%).

Os datos revelan que as opcións de resposta que ocupa o idioma galego, ben sexa “galego” ou “maioritariamente galego”, só foron marcadas por un 20,7% do alumnado con nais galegas e un 2,5 % dos rapaces con nais latinoamericanas.



Gráfica 14. Lingua habitual dos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

- **Lingua coa familia**

Os cambios demográficos e sociais sufridos en Galicia nos últimos tempos modificaron o papel da familia nos procesos de socialización e de adquisición de linguas nos infantes. Porén, a familia segue a ser fundamental á hora de tratar a adquisición e aprendizaxe das linguas, aínda que cada vez cobran máis importancia outros factores sociais como, por exemplo, a escola (Lanza 2017 en SS, no prelo).


Polo tanto, o idioma empregado coa familia resultou transcendental para o mantemento actual do galego, motivo polo que neste apartado será analizada a lingua habitual empregada polo alumnado inmigrante co seu contexto máis próximo: o familiar.

Cómpre destacar que entre os participantes da familia inmigrante o papel exercido polos avós e avoas e, especialmente, o dos pais e nais xa que son os principais impulsores do mantemento das linguas de orixe polas seguintes xeracións (Ruby, 2012 e Nesteruk, 2010 en Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017: 130). Con todo, tamén poden motivar ao contrario, é dicir, á substitución da súa lingua propia pola lingua dominante do país de destino debido ao desexo, por exemplo, dunha maior mobilidade social ou para evitar algún tipo de distinción ou rexeitamento no seu novo lugar de asentamento (Gongonas, 2009 e Jeon, 2008 en Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017: 130).

En relación coa lingua utilizada polo alumnado inmigrante de Educación Primaria cos seus pais é, maioritariamente, o castelán: “só castelán” ou “máis castelán” son as respostas máis comúns. O idioma galego (“só galego” e “máis galego”) unicamente goza dun 10% de presenza na comunicación cos pais naqueles estudantes cuxas nais son de orixe europea e un 5% nos que teñen proxenitoras latinoamericanas. A opción bilingüe, é empregada cos pais no 14,3% dos alumnos doutros territorios de España, nos rapaces doutros países europeos (10%) e, en menor medida, nos latinoamericanos (2,5%).

É importante salientar a porcentaxe, o 33,3%, de alumnos doutro territorio fóra do europeo ou latinoamericano, que fala cos seus pais outras linguas, seguramente, aquelas propias dos seus territorios de orixe.

Ao comparar as cifras da gráfica 15 coas da gráfica 14, correspondente á lingua habitual dos alumnos, observamos que entre os rapaces inmigrantes hai un proceso de substitución lingüística, xa que é maior o número de alumnos que teñen como lingua habitual o castelán, en relación con aqueles que o empregan nas conversas cos seus pais.




Gráfica 15. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus pais en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Na análise dos datos relativos á lingua empregada polos alumnos coas súas nais, pódese comprobar como no contexto familiar aparecen diferenzas segundo o xénero, posto que o uso do castelán é máis frecuente coas nais que cos pais. A opción “só galego” unicamente foi a seleccionada por un 10% dos alumnos cuxas nais naceron noutro país de Europa.

En canto á opción bilingüe, aumenta o emprego de “galego e castelán por igual” nas conversas coas nais en comparanza cos pais. Ao


igual que nos datos correspondentes á lingua empregada cos pais, as cifras que apuntan cara a outras linguas gozan dun maior peso: un amplo 66,7% nas prácticas lingüísticas dos alumnos non europeos nin latinoamericanos e un 7,10% nos latinoamericanos.



Gráfica 16. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames coas súas nais en relación co lugar de nacemento destas últimas. 2020.

Con respecto á comunicación cos seus irmáns, observamos que as cifras de “só castelán” incrementan en relación coa lingua que empregaban cos seus pais. Destaca o 100% daqueles alumnos procedentes doutros territorios que escollen o castelán, unha porcentaxe que chama a atención ao ser comparada coa correspondente á lingua na que falaban estes mesmos rapaces cos seus pais: deixan de empregar o idioma de orixe co que se comunican cos proxenitores para falar en castelán cos seus irmáns. Así, as outras linguas que gozaban de forte representación nas conversas cos pais e nais, na comunicación cos irmáns só son empregadas polo 5,6% dos alumnos latinoamericanos.


O galego só é empregado cos irmáns polo 12,5% dos alumnos europeos, mais non aparece en alumnos con nais doutra procedencia. Asemade, a escolla da opción bilingüe tamén diminúe á hora de falar cos irmáns.



Gráfica 17. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus irmáns en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.


Finalmente no contexto familiar, ao ter en conta a lingua dos alumnos cos seus avós, as cifras acaparadas polo castelán son moito menores. Por unha banda, os resultados das enquisas sobre a lingua na que os nenos falan cos avós maternos amosan que os europeos son os que máis empregan o galego (30%: “só galego” e “mais galego”). Por outra, os alumnos latinoamericanos e os doutras comunidades autónomas empregan, principalmente, o castelán (84,3% e 75%, respectivamente).

Cómpre mencionar que o 100% dos estudantes con proxenitoras de orixe non europea nin latinoamericana, comunícanse cos seus avós maternos noutra lingua, na lingua do seu lugar orixe.



Gráfica 18. Língua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus avós maternos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Por outro lado, os resultados da lingua coa que se comunican os mesmos rapaces cos avós paternos indican que aqueles de orixe europea, seguen a ser os que máis fan uso do galego neste contexto, sendo a lingua escollida polo 30%, ao igual que cos avós maternos. Os alumnos latinoamericanos presentan uns datos similares aos rexistrados nas conversas cos avós maternos. Con todo, cos paternos hai un aumento do a favor do galego (5,3%) e da opción bilingüe (2,6%). Tamén é maior o emprego do galego por parte daqueles estudantes doutras comunidades autónomas, un 28,6% (“só galego” e “máis galego”). Por último, ao igual que os cos avós maternos, o 100% dos estudantes de orixe non europea nin latinoamericana comunicanse cos seus avós paternos noutra lingua.



Gráfica 19. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus avós paternos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.


Así pois, estes datos sobre o idioma no contexto familiar, demostran que o castelán é máis empregado coa nai que co pai. Porén, resulta sorprendente que isto non se vexa reflectido ao comunicarse cos avós paternos e maternos: os enquisados manteñen, en xeral, un maior uso do galego coa liña materna que coa paterna.

Os resultados amosan relevantes distincións no uso da lingua galega en función da xeración familiar á que se dirixa o individuo. É visible unha importante fenda na transmisión interxeracional do galego e unha diminución do uso desta lingua nas xeracións máis novas. En contextos coma o noso, no que hai un contacto entre linguas, un dos indicadores da súa saúde é a transmisión interxeracional, onde a familia é fundamental, mais tamén depende de factores institucionais e macrosociais. De maneira que se estes últimos non se atopan en sincronía coa familia para promover o mantemento dunha lingua minoritaria coma o galego, é probable que a acción dos axentes externos á familia remate por modificar a distribución das linguas no noso territorio (Ramallo 2012 en SS, no prelo).

○ **Lingua na escola**


O inicio da escolarización é realizado, cada vez, a idades máis temperás o que fai que xurda un novo e importante ámbito de socialización, espazo que antes estaba acaparado, exclusivamente, polo núcleo familiar. Aínda que o seu éxito sexa limitado, pois a escola non pode garantir por si soa o mantemento ou recuperación dunha lingua, resulta vital que unha lingua minorizada goce de presenza neste eido para que poida ter unha continuidade futura (Fernández Paz *et al.*, 2007: 49).

Ao preguntarlle aos rapaces inmigrantes de Ames sobre a lingua de comunicación no contexto escolar, observamos diferenzas en función dos distintos axentes aos que se dirixen. En primeiro lugar, os datos sobre a lingua empregada cos compañeiros mostran unha clara preferencia polo emprego do castelán, seguido pola opción bilingüe. A utilización do galego cos compañeiros do colexio é moi escasa, estando presente só no 10% daqueles alumnos cuxas nais naceron noutros países europeos e nun 5% dos que teñen nais latinoamericanas.




Gráfica 20. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos seus compañeiros en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

En segundo lugar, cómpre ter en conta a lingua empregada na comunicación cos docentes, pois presenta cifras moi diferentes ás anteriores. A opción “galego e castelán por igual” conforma a resposta maioritaria dos alumnos inmigrantes, destacando o 70% doutros países europeos, seguido polo 50% dos doutras comunidades autónomas e, en menor medida, por un 39% dos latinoamericanos. Alén diso, ao comparar estas porcentaxes coas da lingua empregada cos compañeiros é salientable o incremento no uso do galego cos mestres.



Gráfica 21. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames cos docentes en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Por último, na escola tamén se atopan outros traballadores non docentes cos que os nenos e nenas se relacionan. Nestas situacións, o idioma empregado segue a ser, principalmente, o castelán. Os datos amosan que o 100% dos alumnos cuxas nais son doutras comunidades autónomas escollen o castelán, un resultado moi distinto ao que presentaban os mesmos alumnos ao comunicarse cos docentes. Por outra banda, o galego gaña presenza nos alumnos cuxas nais son doutros países europeos (o 25% escollen “só galego”) e nos de nais latinoamericanas (o 3,8% decántase por “só galego” e o 7,7% “máis galego”).




Gráfica 22. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames con outros traballadores en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

○ **Lingua noutros contextos**

Existen máis espazos nos que estes nenos e nenas establecen comunicación con outras persoas e que resultan de grande relevancia durante a socialización na infancia. Así pois, neste traballo son analizadas as prácticas da infancia inmigrante noutros contextos como en distintos espazos do municipio de Ames, con descoñecidos e nas redes sociais.


Nun primeiro lugar, ao observar as cifras da lingua empregada en distintos lugares do concello amesán, podemos concluír que o idioma escollido preferentemente é o castelán, “máis castelán” e “só castelán”. O galego é, unicamente, escollido por aqueles nenos que teñen nais latinoamericanas, porén, ten unha mínima presenza: o 7,5% emprega “só galego” e o 2,5% utiliza “máis galego” con outras persoas do municipio.



Gráfica 23. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames no seu municipio en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Á hora de establecer unha conversación con descoñecidos, as respostas foron distintas. Continúa a presentarse unha preferéncia polo castelán, mais unha porcentaxe importante de rapaces inmigrantes decántase pola opción bilingüe, “galego e castelán por igual”. Ao igual que ocorría cos datos anteriores, os rapaces latinoamericanos son os únicos que amosan o galego nas súas respostas: un 5% empregan “só galego” e un 2,5% “máis galego” ao tratar con persoas descoñecidas.

Ademais, é de destacar a presenza doutras linguas (un 14,3%) naqueles rapaces cuxas nais son procedentes doutras comunidades autónomas.




Gráfica 24. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames con descoñecidos en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Con maior frecuencia, no mundo globalizado as novas tecnoloxías van acaparando ámbitos da vida que nos rodea, especialmente na dos cativos que, cada vez a idades mais temperás, están totalmente familiarizados cos novos avances deste sector. É por este motivo que as redes sociais actualmente representan un espazo case que imprescindible para a socialización dos nenos e nenas. Nelas, os rapaces inmigrantes de Ames, interactúan cos seus amigos virtuais, principalmente, en castelán. Nas enquisas as repostas correspondentes a este idioma, “só castelán” e “máis castelán”, son as únicas seleccionadas por aqueles cuxas proxenitoras naceron noutras comunidades autónomas e por aqueles con nais orixinarias doutro país que non sexa europeo nin latinoamericano. Naqueles que teñen procedencia doutro territorio europeo, aínda sendo o castelán a lingua maioritaria, un 25% decántase polo uso de “galego e castelán por igual”.

Ao igual que pasaba nos datos anterior, os rapaces latinoamericanos son os que máis empregan o galego. Con todo, a presenza do galego é mínima, pois a resposta “máis galego” é a escollida polo 2, 9%, sendo igual que a

porcentaxe que escolle a opción bilingüe, e inferior que o emprego doutras linguas distintas ao galego e castelán, cuxas cifras ascenden ao 5,7%.



Gráfica 25. Lingua dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames nas redes sociais en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

As prácticas analizadas permítennos concluír que, no 2020, hai unha clara preferencia polo castelán nos usos lingüísticos do alumnado inmigrante de Educación Primaria de Ames. O emprego da lingua de orixe consérvase, nunha porcentaxe reducida na comunicación co núcleo familiar, mais non se presenta noutros contornos sociais pois o alumnado adoita sucumbir ao cambio a favor do castelán. Polo tanto, é observable unha infancia inmigrante na que, tanto a lingua do seu país de orixe como a lingua galega, apenas quedan rexistradas nos distintos ámbitos da súa vida.

- **Competencias lingüísticas**

A competencia lingüística resulta de grande relevancia á hora de coñecer a realidade sociolingüística dunha comunidade bilingüe coma a galega, pois ademais de ser fundamental ter dominio sobre un idioma para falalo, tamén é indicio do seu grao de emprego (SS, 2004: 65). O estudo da competencia lingüística do alumnado inmigrante resulta relevante xa que a aprendizaxe da

lingua de destino e o seu dominio lingüístico é unha das grandes vías que permite a súa integración na sociedade, ben sexa no eido social, laboral ou económico (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017:129)


É interesante apuntar que a aquelas persoas que xa dominan unha lingua vehicular do territorio, como é o castelán, resúltalles máis sinxelo a aprendizaxe do outro idioma que se fala dentro do mesmo (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017:80). Este é o caso do estudantado latinoamericano ou do procedente doutras comunidades con respecto ao galego. Convén sinalar que a aprendizaxe de dúas ou máis linguas dende un inicio, sobre todo cando se trata de linguas estruturalmente próximas, resulta ser o máis óptimo dende calquera punto de vista pedagóxico, lingüístico ou sociolingüístico (Fernández Paz *et al.*, 2007: 29). Alén diso, os rapaces con competencia lingüística en dúas linguas poderán aprender con maior facilidade un terceiro idioma (Fernández Paz *et al.*, 2007: 29).

Canto á competencia estudada no presente traballo, como xa foi sinalado, é a lingüística, é dicir, o dominio que os nenos inmigrantes de Ames posúen sobre o código lingüístico do galego, adquirido principalmente a través da escola. Desta maneira, pedíuselles aos alumnos dos últimos cursos que sinalasen nunha escala do 1 ao 5 o seu nivel de competencia en galego en relación con catro ítems fundamentais: entender, ler, falar e escribir. Normalmente, adoita realizarse unha distinción entre as destrezas espontáneas ou activas (comprender e falar) e as destrezas aprendidas ou pasivas (escribir e ler): as primeiras adquírense durante a socialización primaria dos individuos (na familia), mentres que as segundas precisan dunha aprendizaxe consciente, realizada normalmente durante a socialización secundaria (Fernández Paz *et al.*, 2007: 25).

Cómpre precisar que este modelo de autoavaliación sempre é afectado pola subxectividade dos enquisados, podendo infravalorar ou sobrevalorar os seus dominios. A competencia real obteríase por medio doutros procedementos máis complexos a través dos que se plasmase o verdadeiro dominio lingüístico. Con todo, esta competencia percibida deixa observar o grao de seguridade, é dicir, a autoconfianza que o individuo manifesta: a maior competencia percibida, maior é

a seguridade para levala á práctica; a menor competencia, menor seguridade (Iglesias, 2002: 38).

Na seguinte gráfica obsérvase que os nenos e nenas inmigrantes que menor autoavalían a súa competencia lingüística en galego son os procedentes dun país non europeo nin latinoamericano, seguidos polos latinoamericanos. Ao mesmo tempo, os mellores resultados preséntanse naqueles doutras comunidades.



Gráfica 26. Competencia lingüística en galego dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020

Por unha banda, os rapaces inmigrantes que se xulgan posuidores dunha maior competencia á hora de entender o galego son os procedentes doutros países europeos ($M= 4,30$; $DT=0,94$). Por outra, os de orixe non latinoamericana nin europea son os que consideran ter un menor entendemento do galego ($M=3,93$; $DT=1,27$).


Á hora da lectura en galego, os que opinan ter un maior dominio desta facultade son os doutras comunidades autónomas ($M=4,13$; $DT=0,83$). Pola contra, os resultado proporcionados polos alumnos non europeos nin latinoamericanos quedan reducidos case á metade ($M=2,33$; $DT=0,58$).

En relación coa expresión oral, destaca o baixo nivel co que se avalían os latinoamericanos ($M=2,80$; $DT=1,47$). Á súa vez, os que sinalan unha mellor competencia neste ámbito son os alumnos doutros países europeos ($M= 3,90$; $DT=1,10$).

Por último, na escrita, son os alumnos doutras comunidades autónomas os que se autoavalían cunha mellor nota ($M=3,75$; $DT=1,03$). Ao mesmo tempo, os que teñen nais doutros países, non latinoamericanos nin europeos, consideran que teñen un menor dominio á hora de escribir en galego ($M=2,33$; $DT= 0,57$).


Así pois, estamos perante unhas cifras non moi altas sobre as competencias dos nenos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en galego que, en xeral, apuntan cara a un maior dominio á hora na comprensión oral (“entendo galego”), mentres que a competencia máis baixa detéctase na expresión escrita (“escribo galego”). Podemos definir estes rapaces como “falantes potenciais” (Monteagudo *et al.*, 2018: 9) xa que, malia ter competencia lingüística suficiente para falar galego, utilizan o castelán como lingua habitual.

Alén diso, o contexto bilingüe da nosa sociedade fai que sexa relevante estudar as competencias dos mesmos alumnos en castelán. A competencia bilingüe é unha condición imprescindible para que un individuo poida escoller entres as distintas linguas. Normalmente, adóitase elixir aquela na que o individuo se senta máis competente e, polo tanto, máis cómodo na comunicación (Iglesias, 2002: 36). Tal e como é visible na gráfica 27, os enquisados estiman que as súas competencias en castelán son superiores ás competencias en galego en todas as súas destrezas. No tocante aos resultados obtidos, é salientable que moitos dos alumnos autoavaliáronse coa puntuación máxima (5) en todas as destrezas, mais en galego (gráfica 26) existe unha maior heteroxeneidade nos resultados.



Gráfica 27. Competencia lingüística en castelán dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Dun xeito similar ao que ocorría no galego, os estudantes latinoamericanos seguidos daqueles procedentes dun país non latinoamericano nin europeo, son os que amosan unha menor competencia en lingua inglesa. Porén, as cifras coas que se autoavalían en lingua galega resultan máis positivas, mentres que no caso do inglés moitos dos resultados non acadan o 2,5.



Gráfica 28. Competencia lingüística en inglés dos alumnos inmigrantes de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

É así que o estudo da competencia percibida supón de vital importancia na sociolingüística, tal e como formula Bastardas (1996): “serà de molt important la pròpia percepció dels individus respecte de les seves habilitats lingüístiques en la comunicació real” (en Iglesias, 2002: 38).

- **Autoconfianza**

O estudo da autoconfianza atópase en estreita relación coa análise da competencia percibida. Nas enquisas realizadas polo Seminario de Sociolingüística para a realización do *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames. Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses* (2021), foron incluídos algúns ítems que permiten dar conta desta variable. O alumnado debía valorar en función do seu acordo ou desacordo cos distintos enunciados e, do mesmo xeito que formula na obra elaborada polo Seminario, para unha doada presentación dos datos agrupáronse as respostas *totalmente de acordo* e *de acordo en si e nin de acordo nin en desacordo*, *en desacordo* e *totalmente en desacordo en non*. Ademais, considerouse pertinente engadir os datos sobre o alumnado de nais galegas, xa que chama a atención a súa pouca autoconfianza á hora de se comunicaren no idioma propio do seu territorio.

Na seguinte táboa expóñense as porcentaxes sobre a seguridade que teñen os cativos en galego en diversos contextos. Os ítems sombreados en gris son os formulados en positivo, mentres que os outros tres atópanse cun enunciado negativo. Asemade, para unha interpretación máis sinxela, aparecen sombreadas en verde aquelas repostas que indican unha autoconfianza positiva.

	Galicia		Outros países europeos		Latinoamérica		Outras CC. AA		Outros	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non
Póñome nervioso/a se teño que falar en galego nunha tenda	9,8%	90,2%		100%	31%	69%		100%	66,7%	33,3%
Cando teño que falar en galego por teléfono sintome un pouco perdido/a	19,1%	80,9%	20%	80%	36,6%	63,4%	75%	25%	66,7%	33,3%
Cando encontro unha persoa que fala en galego e eu falo en galego, sintome incómodo/a	9,6%	90,4%	20%	80%	26,2%	73,8%		100%		100%
Atópome cómodo/a cando falo en galego nun grupo de amigos/as onde hai persoas que falan en castelán e en galego	58,2%	41,8%	30%	70%	42,9%	57,1%	50%	50%	66,7%	33,3%
Sintome cómodo/a cando necesito preguntar como chegar a un sitio en galego	56,6%	43,4%	50%	50%	33,3%	66,7%	25%	75%	66,7%	33,3%
Nunha tenda, estou tranquilo/a cando necesito pedir algo en galego	67,1%	32,9%	80%	20%	41,5%	58,5%	50%	50%	66,7%	33,3%

Táboa 12. Autoconfianza sobre o galego nos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

O esperable sería obter resultados que plasmasen unha maior autoconfianza no alumnado de orixe galega á hora de empregar o idioma, porén observamos que non sempre isto se cumpre. O 9,8% dos estudantes galegos afirman mostrarse nerviosos ao falar galego por teléfono, mentres que esta porcentaxe é nula en cativos doutros países de Europa ou doutras comunidades autónomas. Da mesma maneira, o 9,6% de galegos considera que se sente incómodo ao participar nunha conversa en galego cando o seu interlocutor tamén o fala, pola contra o estudiantado procedente doutras comunidades autónomas ou doutros países afirma sentirse totalmente cómodo (100%). A comodidade dos galegos ao falar o idioma nun grupo no que hai persoas que empregan o castelán, é dicir, nas interaccións bilingües, resulta menor (58,2%) que o daqueles procedentes de países non latinoamericanos nin europeos (66,7%). Tamén son estes últimos os que mostran máis autoconfianza ao preguntar por unha dirección en galego (66,7%). En xeral, o alumnado inmigrante que maior autoconfianza

positiva presenta é aquel orixinario doutros países europeos, seguido do que procede doutras comunidades autónomas.

Tanto nos alumnos estranxeiros como nos propios galegos que teñen como lingua materna o castelán, o feito de presentaren nervios ou incomodidade ao falar unha lingua que non é a inicial pode facer que regresen ao seu idioma habitual. Ademais, o pouco éxito dunha conduta inicial, por exemplo, por falta de dominio lingüístico, afectará sobre as súas decisións posteriores (Iglesias, 2002: 37). Desta forma, Ronis, Yates e Kirscht (1989) sinalan: “unsuccessful efforts reduce the individual’s confidence that he or she can carry out the action. As a result, when the person reconsiders the problem, the chance of deciding on the tried course of action is reduced” (en Iglesias, 2002: 37).

- **Actitudes**

A última variable a analizar está constituída polas actitudes presentadas no alumnado cara ao galego. As experiencias que un individuo padece ao longo da súa vida tórnanse decisivas para a súa percepción, o seu modo de actuar e a súa comprensión ante os acontecementos. Deste xeito, a experiencia conforma a orixe das actitudes, é dicir, das tendencias ou predisposicións para actuar con respecto a obxectos ou situacións sociais e que poden ser favorables ou desfavorables (Fernández Paz *et al.*, 2007: 30). O carácter duradeiro da actitude é o que a opón a unha simple opinión, as primeiras son alicerces mentais cunha maior estabilidade mentres que as segundas presentan unha menor resistencia ao cambio (Fernández Paz *et al.*, 2007: 30).

As actitudes conforman un aspecto esencial na sociedade bilingüe galega, pois unha comunidade que non valore a súa diversidade lingüística e manifeste actitudes desfavorables cara a algunha das linguas do seu territorio, preséntase coma unha sociedade categorizada en grupos lingüísticos que se atopan en distintos niveis (Fernández Paz *et al.*, 2007: 31). Deste xeito, haberá unha lingua que se considere “mellor” ou “máis útil” fronte a outra “peor” ou “menos útil” (Fernández Paz *et al.*, 2007: 31). Unhas actitudes lingüísticas que moitas veces deixan patente un desprezo e un sentimento negativo sobre o grupo de persoas

falantes desa lingua, chegando a construír prexuízos sobre as persoas cando non se axustan á norma social que regula o emprego contextual dunha ou doutra lingua (SS, 2003: 14).

Nesta sección decidiuse incluír aos alumnos galegos pois é esencial coñecer as actitudes por parte da poboación “autóctona” para comprender as dos estranxeiros. Así, os alumnos inmigrantes, ao chegar a Galicia, absorben os prexuízos sobre o galego que están instaurados na sociedade de destino e reproducenos, moitos deles considerando que o castelán é a lingua de prestixio (De Palma 2014 en Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017: 80).

Nas enquisas quedaron recollidos dez ítems co obxectivo de medir as actitudes do alumnado de Educación Primaria sobre a lingua galega. A través dos diferentes ítems é posible analizar os factores cognitivos e afectivos que conforman as actitudes. Por unha banda, o aspecto cognitivo fai referencia ás percepcións, crenzas e coñecementos que os suxeitos teñan sobre a lingua (Fernández Paz *et al.*, 2007: 31), este factor avalíase a través dos enunciados: *creo que todos os nenos de Galicia deben estudar en galego; vivo en Galicia polo que debo saber, estudar e falar galego; debemos esforzarnos por aprender máis galego; é inútil aprender galego porque seguramente nunca o utilizarei; é máis importante aprender inglés ou francés que galego e só os galegos deberían estudar galego e o galego con acento soa mal*. Por outro lado, o factor afectivo remite aos sentimentos e emocións que a lingua suscita (Fernández Paz *et al.*, 2007: 31), estudado a través das cuestións: *agrádame escoitar a xente falar galego, gústame falar en galego e non me gusta aprender galego*.

Convén mencionar que cinco dos ítems foron formulados en positivo e os outros cinco en negativo, estes últimos sombreados en gris. Asemade, na táboa aparecen sombreadas en verde aquelas repostas que indican unha actitude favorable cara ao galego.

En primeiro lugar, na táboa 13 é visible que sobre os ítems formulados en positivo aquel que alberga maior porcentaxe de resposta *si* é o correspondente con *Debemos esforzarnos por aprender máis galego*. Porén, chama a atención que a

resposta afirmativa dos alumnos galegos sexa menor, cun 91,3%, que a doutros estudantes estranxeiros, como é o caso do 100% dos pertencentes a outras comunidades autónomas e a outros países. Do mesmo xeito, ante outros enunciados positivos os galegos amosan unha menor actitude favorable, por exemplo, no enunciado *Agrádame escoitar a xente falar galego* rexistran unha cifra porcentual dun 83,7% correspondente ao *si*, fronte ao 100% dos rapaces de países non latinoamericanos nin europeos. Igualmente, o 76,2% de resposta afirmativa dos galegos en *Vivo en Galicia polo que debo saber, estudar e falar galego* é menor que a dos cativos doutras comunidades autónomas (87,5%) e tamén que a doutros países (100%). Finalmente, o enunciado *Gústame falar en galego* amosa cifras máis baixas por parte dos galegos (85%), en relación cos nenos doutros países non europeos nin latinoamericanos (100%).

Por outra banda, nos ítems enunciados en negativo a resposta *non* é a indicadora da actitude positiva cara ao galego. As cifras volven sinalar algo parecido ao exposto anteriormente: en ocasións, son os galegos os que amosan unha actitude máis desfavorable cara ao idioma que os estranxeiros. É desta maneira que en *Non me gusta aprender galego* a resposta *non* é a seleccionada polo 74,9% dos galegos, sendo superada polo alumnado pertencente a outros países europeos (80%) e a outras comunidades autónomas (100%). Ante o enunciado *É inútil aprender galego porque seguramente nunca o utilizarei*, a actitude dos galegos é máis desfavorable (93,6%) que a dos alumnado doutros países europeos (100%) e que a doutros países non europeos nin latinoamericanos (100%). Por último, con respecto a *Só os galegos deberían estudar galego e O galego con acento soa mal*, son os rapaces doutros países os que presentan unha actitude máis positiva, cun 100% de resposta negativa.

Con todo, a análise global dos resultados amosa que é o alumnado galego o que presenta unha actitude máis favorable cara ao noso idioma, seguido polos nenos e nenas doutros países que non son europeos nin latinoamericanos. A táboa tamén permite afirmar que son os rapaces latinoamericanos aqueles nos que se localiza unha maior actitude negativa cara ao galego, sucedidos polos doutras comunidades autónomas. En relación con estes últimos, chama especialmente a atención que o estudantado procedente doutros territorios do Estado, sexa un dos

que peores actitudes presente cara a un idioma que é cooficial. Convén lembrar que a Constitución española, aprobada en 1978, recolle no artigo 3.3: “A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e atención”.

	Galicia		Outros países europeos		Latinoamérica		Outras CC. AA		Outros	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non
Creo que todos os nenos de Galicia deben estudar en galego	77,3%	22,7%	70%	30%	68,3%	31,7%	37,5%	62,5%	66,7%	33,3%
Debemos esforzarnos por aprender máis galego	91,3%	8,7%	80%	20%	75,6%	24,4%	100%		100%	
Agrádame escoitar a xente falar galego	83,7%	16,3%	60%	40%	55,3%	44,7%	25%	75%	100%	
Vivo en Galicia polo que debo saber, estudar e falar galego	76,2%	23,8%	60%	40%	53,7%	46,3%	87,5%	12,5%	100%	
Gústame falar en galego	85%	15%	77,8%	22,2%	57,9%	42,1%	75%	25%	100%	
Non me gusta aprender galego	25,1%	74,9%	20%	80%	36,6%	63,4%		100%	50%	50%
É inútil aprender galego porque seguramente nunca o utilizarei	6,4%	93,6%		100%	19,5%	80,5%	12,5%	87,5%		100%
É máis importante aprender inglés ou francés que galego	31%	69%	75%	25%	51,3%	48,7%	62,5%	37,5%	100%	
Só os galegos deberían estudar galego	11,8%	88,2%	20%	80%	26,8%	73,2%	37,5%	62,5%		100%
O galego con acento soa mal	16,2%	83,8%	20%	80%	23,1%	76,9%	37,5%	62,5%		100%

Táboa 13. Actitudes sobre o galego nos alumnos de Educación Primaria de Ames en relación co lugar de nacemento das súas nais. 2020.

Os datos demostran que é esencial traballar na mellora das actitudes, pois sen elas será moi difícil unha recuperación lingüística do noso idioma. Os máis novos son os que se xogan o futuro da nosa lingua e, aínda que o estudo pon de manifesto que as súas actitudes favorables sobre o galego, estas non se traducen

nun maior emprego da lingua. Así pois, a relación entre actitudes e comportamento non sempre é a esperada (Fernández Paz *et al.*, 2007: 32).

5. Conclusións

A complexa situación sociolingüística de Galicia, concretamente de Ames, queda reflectida no *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames: Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses*. Este proxecto ofrece unha visión lingüística xeral do concello e ao mesmo tempo aborda novos eidos da poboación que se atopan pouco estudados, como é o da infancia inmigrante.

A análise sociolingüística do alumnado estranxeiro de Educación Primaria distribuído polos diversos centros do municipio amesán serve de exemplo do que acontece no periurbano, unha área xeográfica que cada vez cobra máis importancia na nosa comunidade. Os datos recollidos demostran que a cantidade de persoas procedentes de territorios fóra de Galicia non deixa de medrar, motivo polo que é fundamental realizar unha avaliación da súa situación coa finalidade de que se poidan establecer liñas de actuación para facilitar a galeguización.

As prácticas lingüísticas apuntan cara a unha mocidade inmigrante desgaleguizada e tamén con escasa presenza da lingua do seu país de orixe. O castelán é a lingua maioritaria en todos os contextos. No eido familiar é salientable a variación no uso do galego en función da xeración: canto maior é a idade do familiar ao que o rapaz se dirixe, maior é o emprego do galego e canto menor é a idade do seu interlocutor, maior é o uso do castelán. Isto carrega unha escasa retención do galego como lingua familiar. Asemade, a medida que aumenta a idade do familiar, maior é o emprego da lingua do país de orixe. O xénero tamén aparece como unha variable a ter en conta na elección da lingua: empregan máis galego cos seus pais que coas súas nais.

En relación co ámbito escolar, a lingua escollida por estes rapaces ao comunicárense cos demais compañeiros é maioritariamente o castelán. Porén, atópanse resultados moi distintos ao ter en conta a lingua que empregan co persoal docente, xa que a maior parte dos estranxeiros se decanta pola opción bilingüe. Por último, na análise da

lingua empregada noutros terreos de socialización como son o parque ou as redes sociais o castelán tamén é o idioma preferente.

No relativo ao estudo do dominio lingüístico percibido polo alumnado, obsérvase que a maior competencia atópase á hora de entender galego e a menor, na expresión escrita. No entanto, as súas competencias en castelán son autoavaliadas con resultados moito máis altos.

Canto á autoconfianza e ás actitudes, os resultados amosan que en moitas ocasións os galegos presentan cifras máis desfavorables cara ao idioma que os propios inmigrantes. Os rapaces estranxeiros cuns resultados máis positivos cara ao galego, tanto na análise da autoconfianza como das actitudes, son os procedentes doutros países non europeos nin latinoamericanos. Convén salientar que o esperable sería que os rapaces doutras comunidades autónomas do Estado amosasen unhas actitudes positivas cara a un idioma que é cooficial. Así pois, cómpre desmitificar os prexuízos lingüísticos sobre os inmigrantes de países estranxeiros que adoitan ser representados socialmente como aqueles que teñen máis actitudes desfavorables cara á lingua galega (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva, 2017: 80). Trátase logo, dun estudantado estranxeiro que, malia non ter o galego como lingua habitual, mostra, en xeral, boas actitudes cara ao idioma e a competencia suficiente como para falalo. Porén, este dominio lingüístico e estas actitudes favorables non son traducidas nun maior emprego do galego.

Polo tanto, observamos unha poboación inmigrante desgaleguizada, que non ten presente o galego na maior parte dos ámbitos da súa vida e que, frecuentemente, non o percibe afectivamente como lingua propia e símbolo de identidade de Galicia. Desta maneira, parte do alumnado estranxeiro non considera que a aprendizaxe da lingua galega sexa unha vía para lograr a súa integración na sociedade. Asemade, son poucos os espazos de ocio que permiten que os inmigrantes se familiaricen coas lingua galega, o que tamén contribúe á desgaleguización da poboación “autóctona”.

Os resultados obtidos deixan patente a necesidade de explorar novas fórmulas de acción e deseñar políticas lingüísticas que permitan establecer unha sociedade plurilingüe e inclusiva na que o punto de partida sexa o idioma galego. A promoción da lingua galega é fundamental para que as persoas doutros territorios a teñan presente nos distintos

ámbitos da vida e, así, poidan desenvolver cara a ela unha estima afectiva. Resultan esenciais medidas que contribúan ao fomento do galego en toda a comunidade e que teñan en conta todos os perfís sociolingüísticos que se atopan integrados nela, xa que de non ser así é imposible que se acaden melloras na mocidade estranxeira. Esta meta só se logrará a través dun compromiso por parte de toda sociedade na que teña cabida o sentimento de orgullo do noso, mais tamén o de valorar e apreciar a diversidade.

6. Referencias

6.1. Textos legais

Constitución Española (Const.). Artigo 3. 31 de outubro de 1978 (España).

Lei 3/1983. Lei de Normalización Lingüística (1983). 15 de xuño de 1983. *Diario Oficial de Galicia*, 84, pp. 1893- 1899.

Ordenanza 198, 2006 (Concellería de Mocidade e Normalización Lingüística de Ames). Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames. 29 de agosto de 2006.

6.2. Bibliografía

Carbonell, Francesc (2000): “Desigualdad social, diversidad cultural y educación”. En Aja Eliseo (ed.), *La inmigración extranjera en España*. Barcelona: Fundación la Caixa, pp. 99-118.

CCG 2017 = Consello da Cultura Galega- Observatorio da Cultura Galega (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Fernández Paz, Agustín/ Anxo M. Lorenzo Suárez/ Fernando Ramallo (2007): *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia.

IGE= Instituto Galego de Estatística < <http://www.ige.eu> > [20/06/2021]

Iglesias Álvarez, Ana. (2002): *Falar galego: “No veo por qué”*: aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais.

INE= Instituto Nacional de Estatística < <https://www.ine.es> > [20/06/2021]

- Martín Rojo, Luisa (2003): “Escuela y diversidad lingüística”. En Martín Rojo Luisa *et al.* (eds.), *Asimilar o integrar? Dilemas ante el multilingüismo en las aulas*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Secretaría General de Educación y Formación Profesional, pp. 17-68.
- Monteagudo, Henrique/ Xaquín Loredó/ Anik Nandi/ Xurxo Salgado (2019): “A importancia dos contextos urbanos e periurbanos en Galicia na transmisión lingüística interxeracional da lingua galega”. En Mònica, Barrieras/ Carla Ferrerós (eds.), *Transmissions. Estudis sobre la tramissió lingüística*. Vic: Eumo Editorial, pp. 7–11.
- Monteagudo, Henrique/ Xaquín Loredó/ Martín Vázquez (2018): *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moreno Fernández, Francisco (2009): “Integración sociolingüística en contextos de inmigración: Marco epistemolóxico para su estudio en España”, *Lengua y migración / Language and Migration, 1*, pp. 121–156.
- Nandi, Anik (2016): “Estratexias familiares para a transmisión interxeracional do galego”, *Revista Galega de Cultura, 211*, pp.123-131.
- Nandi, Anik (2019): “Política lingüística familiar. O papel dos proxenitores pro-galego na transmisión interxeracional”, *Estudos de lingüística galega, 11*, pp. 77-101.
- RAG = Real Academia Galega - Seminario de Sociolingüística (2011). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. Real Academia Galega.

Rei Doval, Gabriel (2018): “Tres décadas de sociolingüística galega (1967-1997): continuidades e discontinuidades”. En Alén Garabato, Carmen / Mercedes Brea (eds.), *Limba noastra-i o comoara: estudos de sociolingüística románica en homenaxe a Francisco Fernández Rei*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 239-368.

Rodríguez Galdo, María Xosé *et al.* (2017): *Galicia: perspectivas demográficas*, Xunta de Galicia: publicacións <<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/galicia-perspectivas-demograficas>> [22/06/2021]

Rodríguez Izquierdo, Rosa María (2004). “Atención a la diversidad cultural en la escuela. Propuestas de intervención socioeducativas”, *Educación y Futuro*, 10, pp. 21–30.

Rodríguez Salgado, Laura/ Iria Vázquez Silva (2017). *Muller inmigrante, lingua e sociedade*. Vigo: Editorial Galaxia.

Silva, Bieito (2012): “O debate sobre as linguas en Galicia: entre a escola e a sociedade”. En Henrique Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega, pp. 359-383.

SS = Seminario de Sociolingüística da RAG (2018): *A lingua no CEIP Agro do Muíño*, Real Academia Galega: publicacións <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/332>> [22/06/2021]

SS = Seminario de Sociolingüística da RAG (no prelo): *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames. Estudo das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas dos escolares amienses*.

SS = Seminario de Sociolingüística da RAG (2003): *O galego segundo a mocidade*. Real Academia Galega: publicacións <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/169>> [22/06/2021].

Xunta de Galicia (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Anexo

A continuación recóllese a enquisa proporcionada ao alumnado de Educación Primaria dos distintos centros de Ames.



ENQUIA PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA DE AMES

Este cuestionario forma parte dun estudo para o alumnado, familias e profesorado do Concello de Ames. No cuestionario terás que responder a varias preguntas sobre ti e sobre as cousas que fas. Completalo levarache uns 15 minutos aproximadamente; non é un exame, así que non hai preguntas correctas ou incorrectas, simplemente responde o mellor que podas. Se por algunha razón non queres participar neste estudo, informa a quen che deu os cuestionarios. O cuestionario é anónimo, non tes que poñer o teu nome; só o equipo de investigación lerá as túas respostas. Se durante o cuestionario tes algunha dúbida, pídelle axuda á persoa que cho entregou.

Pola presente acedo a participar neste estudo tendo sido informado do seu obxecto e principios do traballo de investigación.

Si Non

1 DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A

1.1 En que ano naciches?

1.2 Xénero(marca cunha cruz)

- Masculino
- Feminino
- Outra situación

1.3 En que cidade/vila/aldea naciches?

_____ (País) _____

1.4 Onde vives agora? (parroquia)

- Piñeiro
- A Ameixenda
- Tapia
- Ames
- Lens
- Agrón
- Trasmonte
- Covas
- Bertamiráns
- Ortoño
- Bugallido
- Biduído
- Fóra do concello de Ames

1.5 Canto tempo levas vivindo en Galicia?

- Sempre
- Hai _____ anos

2 DATOS LINGÜÍSTICOS DO ALUMNO/A

2.1 En que lingua aprendiches a falar?

- Castelán
- Galego
- Nas dúas
- Noutra, indica cal

2.2 En que lingua falas habitualmente?

- Castelán
- Maioritariamente en castelán
- Castelán e galego por igual
- Maioritariamente en galego
- Galego
- Outra, indica cal



2.3 Detalla neste cadro a lingua na que falas con....

		Castelán	Máis castelán	Galego e castelán por igual	Máis galego	Só galego	Outras
Na casa	Co teu pai						
	Coa túa nai						
	Cos teus irmás						
	Cos avós maternos						
	Cos avós paternos						
Na escola	Cos compañeiros/as						
	Cos profesores/as						
	Cos monitores/as de comedor						
	Con outros traballadores (conserxe, limpeza, administrativos/as etc.)						
Noutros ámbitos	Parque						
	Tendas, bares etc. de Ames						
	Con descoñecidos/as (cando falas ti primeiro)						
	Redes sociais (Instagram, WhatsApp etc.)						

2.4 Pensa no que fas durante a semana (actividades extraescolares, quedar cos amigos, ir á escola/instituto, estar coa familia etc.); escribe na primeira e na segunda columnas o nome das dez persoas coas que máis te relacionas e responde ás seguintes preguntas.

	Nome da persoa	Tipo de relación (amigo, primo, monitor)	Relacionámonos...			En que lingua falas ti con esta persoa?			
			Pouco	Bastante	Moito	Galego	Galego e castelán	Castelán	Outras, indica cal
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									

2.5 Cal é a frecuencia coa que realizas as seguintes actividades?

Actividade	Frecuencia					En que lingua é?			
	Cada día	Máis dun día á semana	Un día á semana	Un día ao mes	Nunca	Maioritariamente en castelán	En galego e castelán	Maioritariamente en galego	Outra lingua
Conciliación (Bos Días, comedor, Tardes Divertidas)									
Actividades artísticas (pintura, clase de guitarra etc.)									
Actividades deportivas (natación, fútbol, patinaxe etc.)									
Actividades académicas (clases de reforzo, de idiomas)									

3 ACTITUDES E OPINIÓNS

3.1 Indica se estás de acordo ou en desacordo coas seguintes afirmacións:

	Totalmente en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Totalmente de acordo
Póño-me nervioso/a se teño que falar en galego nunha tenda					
Cando teño que falar en galego por teléfono sintome un pouco perdido					
Nunha tenda, estou tranquilo/a cando necesito pedir algo en galego					
Cando encontro unha persoa que fala galego e eu falo galego, sintome incómodo/a					
Sintome cómodo/a cando necesito preguntar como chegar a un sitio en galego					
Atópome cómodo/a cando falo en galego nun grupo de amigos onde hai persoas que falan en castelán e en galego					

4 COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

4.1 Valora do 1 ao 5 a túa competencia en galego, tendo en conta que 1 é pouco e 5 moito:

	1	2	3	4	5
Cando me falan entendo ben o galego					
Cando leo en galego, enténdoo ben					
Cando falo en galego, exprésome ben					
Cando escribo en galego, redacto ben					

4.2 Valora do 1 ao 5 a túa competencia en castelán, tendo en conta que 1 é pouco e 5 moito:

	1	2	3	4	5
Cando me falan entendo ben o castelán					
Cando leo en castelán, enténdoo ben					
Cando falo en castelán, exprésome ben					
Cando escribo en castelán, redacto ben					

4.3 Valora do 1 ao 5 se téis competencia en inglés tendo en conta que 1 é pouco e 5 moito:

	1	2	3	4	5
Cando me falan entendo ben o inglés					
Cando leo en inglés, enténdoo ben					
Cando falo en inglés, exprésome ben					
Cando escribo en inglés, redacto ben					

4.4 Durante os anos que levas na escola en que lingua che falaban na clase os teus profesores?

- Practica ou maioritariamente en castelán
- Igual en castelán que en galego
- Practica ou maioritariamente en galego

4.5 Indica se estás de acordo ou non coas seguintes frases:

Sobre o galego		
	Si	Non
Creo que todos/as os nenos/as de Galicia deben estudar en galego		
Non me gusta aprender galego		
É inútil aprender galego porque seguramente nunca o utilizarei		
Debemos esforzarnos por aprender máis galego		
É máis importante aprender inglés ou francés que galego		
Agrádame escoitar a xente falar en galego		
Vivo en Galicia e por iso debo saber, estudar e falar galego		
Só os galegos deberían estudar galego		
O galego con acento que soa mal.		
Gústame falar en galego		

5 DATOS IDENTIFICACIÓN PROXENITORES

5.1 En que cidade/vila/aldea naceu a túa nai?

(País) _____

5.2 En que cidade/vila/aldea naceu o teu pai?

(País) _____

5.3 Idade da nai/titora

- 25/40
- 41-55
- 56-70
- +70

5.4 Idade do pai/titor

- 25/40
- 41-55
- 56-70
- +70

5.5 Que nivel de estudos completou a túa nai?

- Non terminou a escola primaria
- Rematou a escolar primaria
- Rematou o ensino medio
- Rematou o título universitario

5.6 Que nivel de estudos completou o teu pai?

- Non terminou a escola primaria
- Rematou a escolar primaria
- Rematou o ensino medio
- Rematou o título universitario

5.7 Sinala na seguinte táboa en que traballan actualmente teu pai e túa nai:

	Pai	Nai
Dirección de empresas e administración pública Empresario (máis de 10 traballadores), director ou xerente de empresa ou de administración pública, directivo de empresa ou similar.		
Profesionais científicos e intelectuais Profesor, técnico superior en Enxeñería, Dereito, Medicina, Química, Matemáticas, Farmacia, Arquitectura, Informática, Ciencias Sociais, Xornalismo, profesionais da cultura e o espectáculo ou similar.		
Pequenos empresarios, técnicos medios e de apoio Pequeno empresario (menos de 10 traballadores), analista ou programador informático, enxeñeiro técnico, mestre, enfermeiro, axente comercial, empregado público de corpos de seguridade, supervisores de industria ou da construción ou similar.		
Comerciantes, empregados de oficina, contables e administrativos Comerciante propietario de tenda, empregado de oficina, contable, administrativo, empregado de biblioteca, servizo de correos ou similar, recepcionista, telefonista, empregado de atención ó público ou similar.		
Traballadores de servizos de restauración, persoais e de comercio Dependente de comercio, caixeiro, camareiro, cocifeiro, traballadores que coidan persoas en servizos de saúde ou asistenciais, traballador da seguridade privada, fontaneiro, condutor de vehículos, mecánico de vehículos ou similar		
Traballadores do sector primario, da industria e da construción Traballador cualificado da agricultura, gandería, pesca ou forestal; traballador da industria, operador de maquinaria, operador de cadeas de montaxe, mecánico de maquinaria, soldador ou chapista; traballador da industria da alimentación, traballador da construción, carpinteiro, pintor, artesá, xardineiro ou similar.		
Traballadores non cualificados Empregado doméstico, persoal de limpeza, conserxe, peón agrario, forestal ou pesqueiro; peón da construción, peón de industria, recolledor de residuos urbanos, vendedor ambulante ou similar.		
Desempregado/a		